

# Galeduso

A revista do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia  
Número 9 • Ano 2011



# Educación Social e Igualdade

# índice

PARA COMEZAR.....	3	CUESTIÓN DE DEREITOS .....	37
SER E FACER .....	5	Dereitos sexuais e reprodutivos .....	38
Coñecendo a Liliith .....	6	DÁNDOLLE VOLTAS .....	43
A Rede de Escolas de Empoderamento, de Basauri.....	12	Xénero, igualdade e (co)educación social na UDC:	
Pingüinos, proxecto socioeducativo para a igualdade.....	14	Da optatividade á necesaria obrigatoriedade .....	44
CAIXA DE FERRAMENTAS .....	17	Educación na igualdade, desde a práctica laboral e profesional .....	52
A ter en conta .....	18	Xénero, igualdade e educación: prexuízos fora! .....	59
Mira, le, escoita .....	23	CEESG INFORMA .....	63
Decálogo de boas prácticas en educación para a igualdade .....	26	Actuacións en Igualdade por parte do Ceesg .....	64
TEMPOS DE EDUCACIÓN SOCIAL .....	29	Créase un Grupo de Traballo sobre Igualdade .....	67
Concepción Arenal Ponte .....	30		
Mulleres en Galicia. A Web da S.X. de Igualdade.....	32		
A Educación Social, a gran descoñecida dos CIM .....	34		



#### Edita:

Colexio de Educadoras  
e Educadores Sociais  
de Galicia

www.ceesg.org  
ceesg@ceesg.org  
981 552 206

#### Consello de Redacción:

Laura Cruz López  
Tania Merelas Iglesias  
Isabel Taboada Mougán  
Sofía Riveiro Oliveira  
Sandra Rodríguez Quintiáns

#### Colabora:

Xunta de Galicia  
Presidencia  
Secretaría Xeral da Igualdade  
Consellería de Educación e  
Ordenación Universitaria  
Secretaría Xeral de Política  
Lingüística

ISSN: 1696-1730  
DL: C-594-02

“ Buscamos aquelas  
profesionais que  
traballan no ámbito e  
que nos podían aportar  
a súa experiencia e  
proxectos e xuntámolas  
nunha estrutura nova  
para a revista, máis  
intuitiva e útil, máis  
orixinal e divertida, máis  
profesional e crítica ”

Temos nas mans unha revista especializada de educación social sobre a igualdade de xénero, que da conta das importantes achegas do feminismo á nosa práctica educadora. Isto qué significa? Que buscamos aquelas profesionais que traballan no ámbito e que nos podían aportar a súa experiencia e proxectos e xuntámolas nunha estrutura nova para a revista, máis intuitiva e útil, máis orixinal e divertida, máis profesional e crítica.

A nova era de Galeduso quere vir cun novo formato no seu continente e nos contidos tamén. Adicallo á Igualdade é darnos unha homenaxe a todas as persoas que traballamos a prol dunha convivencia máis responsable e natural, para acadar un espazo común sen tapuxos, tabús, nen violencias.

Sempre escoitamos que o primeiro paso para a erradicación da violencia de xénero é a educación para a igualdade. Isto témolo moi claro como educadoras e educadores sociais, pero nalgo fallamos


cando os datos sinalan outros resultados bastante negativos aos esperados.

Con esta recollida de opinións e experiencias pretendemos xuntar ideas e comunicalas a todas aquelas persoas que teñades un mínimo interese polo tema, coa intención de seguir sumando boas prácticas e facer visible este traballo tan interesante e creativo, como é o de favorecer a convivencia entre homes e mulleres, desde un plano igualitario, xusto e digno, para así, seguir avanzando nas conquistas históricas que

outras provocaron ou acadaron.

A igualdade de oportunidades é un elemento necesario para unha sociedade democrática, actual e civilizada. A educación fainos libres. A igualdade fainos dignos/as. A educación en igualdade fainos poderosos/as, pois temos o poder de converter as debilidades en oportunidades e as ameazas en fortalezas; é unha cuestión de perspectiva; é unha ollada desde as gafas de xénero, que unha vez que as pós xa non ves doutra maneira. Persoas Libres, Dignas, e Poderosas.

# Para comezar...

A close-up, macro photograph of a metallic button on a device. The button is circular and set within a square-shaped recessed area of the metal surface. The word "MENU" is embossed in a bold, sans-serif font on the metal surface, positioned diagonally below the button. The lighting is dramatic, coming from the upper right, which creates a bright highlight on the top edge of the button and casts deep shadows in the recessed area and around the text, emphasizing the texture and three-dimensional quality of the metal.

MENU

# Ser e Facer

Espazo dedicado a (re)pensar o papel da educación social no noso entorno máis inmediato, a partir da presentación de diferentes experiencias profesionais que levan anos apostando pola igualdade de xénero como valor fundamental do seu devir cotiá.

Na “Tarxeta de Visita”, as compañeiras de Lilith expoñen ao longo dunha entrevista o traballo que veñen desenvolvendo dende hai unha década na nosa comunidade autónoma. Seguidamente, no “Laboratorio Creativo”, presentamos diferentes proxectos, nos que a educación social adquire un compromiso coa igualdade entre mulleres e homes vertebrando cambios necesarios que orixinen a transformación das estruturas patriarcais.

Coñecendo a



DATOS DE LILITH

DENOMINACIÓN:

Lilith. Acción Social e Educativa S.L.

CONTACTO

Rúa Travesa, nº 7.  
Santiago de Compostela.  
Telf. 981571469.  
Mail: [lilithempresa@gmail.com](mailto:lilithempresa@gmail.com)  
web: [e-lilith.eu](http://e-lilith.eu)

TIPOLOXÍA

Sociedade Limitada

AÑO DE FUNDACIÓN

1.998

O equipo de Lilith ten mudado moito co paso do tempo. Temos contado con profesionais de diversas ramas e con diversas funcións que deixaron a súa pegada. Así mesmo contamos cunha estrutura flexible e o máis horizontal posible, dacordo cos nosos principios ideolóxicos.

Hoxe en día, e en pleno proceso de cambio, formamos o equipo de Lilith as seguintes mulleres:

- 1 coordinadora da entidade (Patricia Porto Paderne).
- 2 educadoras sociais, expertas en xénero e interculturalidade, coa función de coordinar proxectos: deseños, propoñelos, executalos e avalialos (Eva Cividanes Portela e Patricia Porto Paderne).
- 1 administrativa, coa función de recibir as demandas externas, buscar recursos a través de axudas, concursos, etc, levar a contabilidade, os temas laborais e fiscais. (Ana Blanco Midón).
- 1 actriz e dramaturga, experta en xénero, que propón e executa proxectos relacionados co teatro e a expresión corporal (Clara Gayo Pérez).
- 1 formadora, experta en xénero, que propón e executa proxectos educativos (Raquel Doval Carregal).

De xeito externo e puntual pero constante contamos con:

- Un equipo de 4 educadoras expertas en xénero (Enma Teixeira, Ester Mariño, Eva Moldes e Raquel Doval).
- 1 catedrática de procesos sanitarios e experta en xénero, educación e saúde, que supervisa e coordina determinado traballo técnico (Lola Ferreiro Díaz).
- 1 asesoría externa.



En setembro abrirá "A librería Lila de Lilith", especializada en material educativo e de xénero, cun espazo para actividades.

## Como definiríades Liliti en poucas palabras? (Finalidade, misión e visión, valores...)

Somos unha empresa de inspiración feminista, que traballa dende a perspectiva de xénero, promovendo novos modelos de relación máis saudábeis.

A nosa marca de identidade, ademais do traballo de xénero, é a metodoloxía que empregamos, pois consideramos tan importante a forma como o contido, e partimos sempre dun adentro cara a fora, e de tomar as persoas como un todo integral biosocial, ademais de dar un protagonismo especial á educación emocional.

Os principios básicos dos que partimos son a calidade, a coherencia interna, a horizontalidade e a felicidade.

## Que programas e actividades desenvolvedes?

Desenvolvemos proxectos relacionados coa educación en valores, especialmente, coa igualdade. Estes proxectos abranguen desde o traballo

directo coas persoas a través de grupos, en centros de ensino, en programas educativos para persoas adultas, con grupos específicos de mulleres, etc... ate o traballo de deseño de materiais educativos, campañas de información e difusión, guías para formación de formadoras e investigacións vencelladas co xénero, etc... A parte deste traballo máis centrado no eido educativo tamén facemos deseño e avaliación no marco das políticas de igualdade das institucións públicas e levamos a cabo proxectos de visibilización de mulleres artistas en distintas disciplinas.

Ofertamos servizos e produtos sociais nos seguintes eidos:

- formación (obradoiros, cursos, formación de formadoras, etc)
- políticas de igualdade (plans e programas de igualdade)
- recursos didácticos (guías metodolóxicas, unidades didácticas, audiovisuais, exposicións, etc)
- artes e espectáculos

Os temas sobre os que traballamos son moi diversos aínda que case sempre centrados no traballo de actitudes, facendo especial énfase na edu-



cación emocional. Irían, por exemplo, desde a promoción das relacións de bo trato para alumnado de primaria, o traballo dos afectos e dos vínculos saudábeis con mocidade, a autoestima e o empoderamento das mulleres, o erotismo, a autodefensa, o reforzo dos vínculos de sororidade das mesmas, etc...

(a sororidade provén de sor: irmá, e trata de establecer e reforzar os lazos de apoio entre as mulleres fronte aos intentos continuos por parte do patriarcado de dividirmos)

## Para quen traballades?

Contrátannos, habitualmente, as áreas de igualdade ou de servizos sociais das diversas institucións públicas (concellos, Xunta, Instituto da Muller) e as áreas de orientación dos centros de ensino.

## Con quen?

O traballo educativo e directo facémolo sempre con grupos, a través de dinámicas grupais. Os grupos máis habituais son os de alumnado dos centros de primaria e secundaria de todo o territorio galego e os grupos de mulleres adultas, tamén temos feito formación de formadoras, tanto de profesionais que traballan á súa vez con mulleres ate con profesorado. Ademais, facemos outros traballos máis xerais de divulgación ou sensibilización dirixidos a toda a comunidade.



## Educación Social e Lilith.

### Que papel ten en Lilith a Educación Social? Que aporta a Educación Social aos proxectos de Lilith?

A educación social ten un papel prioritario no desenvolvemento das actividades de Lilith. Consideramos a educación unha vía fundamental para promover a igualdade entre mulleres e homes e provocar cambios reais de cara a reducir e eliminar a violencia de xénero. A educación social tal e como a entendemos: unha educación de verdade significativa e que pon o foco na participación das persoas, na que a metodoloxía sexa tan importante como os contidos, na que se teña en conta o esquema

integral das persoas (intelectual, emocional, físico e relacional) na que se recoñezan e poñan de manifesto os diversos sistemas de relacións de poder entre as persoas, etc...

Consideramos imprescindible educar e coeducar en todas as etapas da vida das persoas, e así o facemos, tanto en institucións regradas como fóra delas. Tanto no académico como no asociativo.

Creemos que a educación social, ao igual que o traballo de xénero, é algo transversal a tempos, espazos, etc...

### Que funcións desempeña unha educadora social nos vosos programas, actividades, etc?

As educadoras sociais participan de todo o traballo técnico de Lilith, desde xerar ideas a coordinar equipos, deseñar proxectos, "comercializalos", executalos e avalialos. Tamén participamos de todo o traballo de xestión empresarial.

### Dende cando hai contratadas educadoras sociais en lilith?

Desde o ano 2000 traballa unha educadora social, outras incorporáronse mais tarde.

### Como son as relacións entre os perfís profesionais dentro de Lilith?

Afectuosas, de respecto e de enriquecemento mutuo.



# Educación social e Igualdade

## O porque da educación social no ámbito da igualdade?

A relación entre educación social e igualdade consideramos que debe ser recíproca e como xa dixemos antes, transversal. Non concibimos o traballo a prol da igualdade sen ter un enfoque educativo e tampouco a labor da educación social sen ter en conta a perspectiva de xénero. Sexa cal sexa o ámbito no que se desenvolva a educación social: intercultural, con persoas maiores, con persoas con algunha discapacidade, con toxicomanías, etc...

A educación supón unha ferramenta primordial de emancipación das persoas e conquista de dereitos. A igualdade das mulleres é un Dereito Humano. Desde esa educación social transformadora, que reconece as desigualdades (e non só as de xénero, tamén as de clase, cultura, orientacións do desexo, etc.) parécenos importantísimo traballar. A educación

permítenos unha relación máis intensa coas persoas e, sobre todo, significativa. Non se trata de “informar”, de “difundir”, de facer “cultura de masas”, senón de interaccionar coas persoas, de remover estruturas establecidas, de entender que un cambio supón unha mellora na calidade de vida, de entender que desde a cabeza só non facemos nada senón contamos coas persoas na súa totalidade.

## A formación inicial e continua en igualdade na educación social: realidade e propostas de mellora.

As educadoras que estamos en Lilith fixemos a nosa formación universitaria hai bastantes anos na Universidade de Santiago de Compostela. Daquela non existía máis formación en igualdade que o enfoque que algunha profesora en concreto lle quixera dar por interese propio (estamos pensando en Rita Radl ou en Lucia Iglesias da Cunha) ou algún tema “pegote” dentro dalgunha materia, por exemplo, en “Marxinación”, un dos temas era a marxinación das mulleres, no resto dos temas: toxicomanías, cadeas, discapacidades, etc. utilizábase o “masculino xenérico” tanto na linguaxe como no obxecto de estudo.

Dende hai algúns anos, existen ofertas de mestrados e posgraos de xénero nas tres universidades galegas que

poden complementar, cando non iniciar, unha formación máis completa nesta materia. Ademais si existe unha formación “alternativa” en forma de cursos, xornadas, seminarios,.. promovidos ben por colectivos feministas ou por institucións públicas relacionadas coa igualdade.

Supoño que moitas de nós, que nos dedicamos a isto, temos un mosaico de formacións diferentes nunha especie de carreira de autodidactismo que tivemos que facer ate que chegaron os mestrados e posgraos. Aínda que botamos en falta que desde institucións vencelladas á educación social como as universidades ou o Ceesg, se promovan máis cursos, xornadas e intercambios en materia de xénero.

A nosa proposta ideal: que dende a formación no grao de educación social da universidade se tivera en conta a perspectiva de xénero en todas as materias de xeito transversal; se non é posible (porque o profesorado non ten vontade), que existan materias específicas sobre xénero en todos os itinerarios da educación social.

Para o Ceesg: organizar ou facilitar lugares de encontro onde se traballen todos os ámbitos da educación social atravesados polo enfoque de xénero. Realizar propostas innovadoras e atractivas neste sentido. Hai algo que

se está movendo por todo o mundo de moito interese en relación a esta temática e non podemos ficar ao marxe.

### Que precisa unha educadora/or social para traballar a igualdade?

O punto inicial é coñecer, aprender e estar aberta/o a posibles cambios de esquemas e, sobre todo, de actitudes a nivel persoal.

É importante pór as “gafas do xénero” para observar a través delas a realidade e observarse persoalmente.

Polo tanto, recomendamos facer as seguintes cousas:

- (Re)coñecemento da labor feita desde o feminismo para re-ler e re-significar a realidade en todas as súas dimensións;
- Toma de conciencia das diferenzas de poder que funcionan de xeito visible e invisible;
- Compromiso por desartellar todo tipo de discriminacións desde a práctica profesional.



É importante que cada profesional da educación social se propoña alí onde traballa a implicación do xénero no seu traballo diario, se está traballando pola igualdade real das persoas ou está reproducindo e perpetuando situacións de desigualdade. Lembro que nunha ocasión un educador que traballaba con persoas toxicómanas comentaba que había poucas mulleres que se “drogasen” pero as que o facían eran peores que os homes... (eu preguntome, en que sentido peores? Non será que no rol que lle atribuímos ás mulleres non nos encaixa que se droguen ou fagan certas cousas e por iso as demonizamos? Como podemos xeneralizar e dicir que todas as mulleres son peores que os homes cando se drogan? Como trataremos a esas mulleres cando teñamos que traballar con elas?)

### Valoración da situación actual e posibles liñas estratéxicas de traballo

Creo que ao longo da entrevista fomos falando disto. Dende Lilith cindo ao longo da entrevista, consideramos fundamental a adquisición dun compromiso a prol da igualdade por parte das e dos profesionais da educación social.

A igualdade entre mulleres e homes forma é un dereito humano que afecta a toda a poboación, non nos parece un tema secundario ou un “pegote” a engadir cando falamos doutros asuntos. Para que isto suceda hai que programar formación dentro dos itinerarios académicos que ofrezan ademais da teoría, ferramentas de autoconecemento e cambio de actitudes.

Tamén se deba facilitar este tipo de formación a educadoras e educadores que xa están traballando, recursos interesantes para aplicar na súa práctica cotiá e , tamén, xerar espazos de intercambio. Hai cousas moi interesantes e estimulantes que se están a facer por todo o mundo e non podemos ficar á marxe.

A Rede de Escolas de Empoderamento de Bizkaia xurde en Basauri, municipio de 43.700 habitantes que conta con grupos de importante traxectoria feminista e de participación das mulleres nas políticas municipais. Esta iniciativa nace da necesidade de elaborar estratexias que nos permitan incrementar a participación social e política das mulleres.

## LABORATORIO CREATIVO

# A Rede de Escolas de Empod



**Anabel Sanz del Pozo**

Técnica de Igualdade do Concello de Basauri

**N**o 2003 pónse en marcha a primeira experiencia da Escola de Empoderamento e posteriormente iránse incorporando novos municipios como Ermua, Getxo e Ondarroa, ata que en 2004 constitúese a Rede de Escolas de Empoderamento para mulleres, composta polos municipios de Basauri, Ermua, Getxo e Ondarroa. Dende o primeiro momento pensamos o proxecto como un laboratorio onde ensaiar experiencias que servisen para impulsar a participación das mulleres. Neste senso, quixemos deseñar un proxecto que tivese unha clara vocación estratéxica que superase e cuestionase o modelo de formación e participación que se lles propón ás mulleres dende a administración. Así, buscábase un cambio de modelo que atendera aos intereses estratéxicos do colectivo feminino e non se quedara na mera satisfacción das necesidades prácticas, achegándonos ás mulleres, tanto as

que xa estaban a participar en organización feministas ou de carácter sociocultural como as que non o facían.

Dende estas premisas, algunhas características destacables do proxecto son: a propia idea de empoderamento e o seu dobre

social e política da mulleres, partindo da toma de conciencia e o descubrimento da teoría feminista como capacitación para a acción política.

O intercambio con mulleres de outras culturas: partimos da existencia dun patriarcado universal que discrimina,

que teñen participado nos cursos e actividades que as Escolas promoven. A partires de aquí teñen xurdido grupos de mulleres inmigrantes, mulleres que traballan no eido do feminismo e a solidariedade, grupos de teatro... e este ano imos impulsar a constitución de bandas feministas.

# eramento, de Basauri.

senso, a dimensión individual e colectiva; búscase que as alumnas sexan axentes activas do proceso mediante a participación na redefinición da formación e o debate sobre o futuro da escola; a implicación das profesoras a través da participación no redeseño dos módulos, a detección de liderazgos e a análise da evolución das participantes; o espazo, a escola como lugar ao que se vinculan as alumnas, buscando que as mulleres se sintan parte de algo.

Pero os aspecto chave que dan entidade e senso ao proxecto, marcando un valor engadido son os eixos de intervención, que se concretan no seguinte:

- A formación: entendida como unha ferramenta para o fomento da participación

explota e/ ou oprime ás mulleres en diferentes graos e de distinto xeito en todos os lugares, así como da convicción de que en todo o mundo existen mulleres que se organizan e rebelan contra esta opresión. Por iso, buscamos espazos nos que compartir as estratexias empregadas por unhas e outras e recoñecernos entre nos nunhas relacións igualitarias.

- A sistematización: ten como obxectivo ademais de ter unha avaliación seria e rigorosa do proxecto, facendo especial fincapé na importancia do proceso, contando coa memoria colectiva e un catálogo de boas prácticas sobre as nosas experiencias de participación.

A experiencia leva varios anos en marcha e son centos as mulleres

Ademais, dúas veces ao ano organizamos encontros das mulleres das catro escolas e facemos dúas actividades conxuntas: unha delas con carácter de reflexión política e outra máis lúdica como despedida do curso. Este traballo en rede tamén se manifesta na labor das técnicas de igualdade responsables do programa nos catro concellos: reunión de traballo, reflexións e análise de contidos, avaliación de resultados... coa intención de propor novos obxectivos e estratexias que contribúan á consecución dos fins establecidos. Asemade, neste camiño, Orela Sarea, a empresa encargada da sistematización do proxecto, acompaña a nosa labor xogando un importante papel como facilitadora do proceso de reflexión.



Pingüinos, da Asociación Xarela.

**Pamela Cibeira Nogueira**

Educadora Social. Coordinadora do Proxecto Pingüinos- Asociación Xarela.

O estudo e análise das relacións de desigualdade social entre mulleres e homes non é un tema de tratamento recente senón que xa emerxía coma unha necesidade tres décadas atrás. Os textos legais europeos recollían nos seus epígrafes a obrigatoriedade de trato igualitario entre os sexos en diversos ámbitos da sociedade como acontece, entre outros, no mundo laboral (a carta europea, no 1975, recollía no seu artigo 119 o principio de “a igual traballo, igual salario”...). Dende aquelas, foron moitas as medidas tomadas nese senso, e nestes últimos anos os programas de intervención en prol da igualdade de xénero foron igualmente numerosos, tentando responder a esta necesidade detectada.

# Proxecto pingüinos

## unha iniciativa para a sensibilización en prol da igualdade

A nivel concellos, os Programas de Igualdade de Oportunidades foron as medidas máis directamente vinculadas ás políticas de xénero; os seus obxectivos insisten na necesidade de que as medidas adoptadas sexan de carácter global e que todos os axentes sociais se impliquen para facer eficaz esa loita contra a discriminación por razón de sexo. Nembargantes, aínda que estes plans por si mesmos acadan éxitos evidentes, son insuficientes para a consecución de tódolos obxectivos desexados e por iso, xurden iniciativas de colaboración por parte de diversas entidades sociais.

Neste senso, a Asociación XARELA Formación-Animación (entidade sen ánimo de lucro e integrada por profesionais do ámbito social) está levando a cabo no Concello de Barbadás (Ourense) dende comezos do ano 2010 o “Proxecto Pingüinos”, que busca promover a igualdade entre mulleres e homes partindo desta mesma idea de que para acadala todo o conxunto da sociedade debe estar implicada. Consiste pois en partir dunha visión global de intervención, traballando con cada entidade como axente socializadora de maneira individual pero crendo nunha necesaria intercomunicación entre estas para retroalimentarse e crear unha rede de traballo multisectorial que poida seguir funcionando de xeito autónomo no futuro. Así, establécese un plan de traballo coordinado e compartido, levando a cabo reunións co departamento de Servizos Sociais do Concello, co equipo de dirección dos centros escolares de primaria, asociacións, etc. co obxectivo de que participen de maneira activa

destes obxectivos e facer realidade a metodoloxía e metas marcadas en prol da igualdade de xénero.

Este proxecto está financiado pola fundación Obra Social “la Caixa” (a través da súa convocatoria anual de proxectos que promovan a igualdade de xénero) e conta con varias liñas de actuación, conformando un amplo abano de actividades lúdicas, educativas e de sensibilización que se realizaron ao longo do ano 2010. Estas liñas de actuación son:

- Obradoiros socioeducativos en centros escolares: Coa poboación escolar, intervénse a través de sesións educativas con contidos relacionados coa igualdade de xénero nos centros educativos de educación primaria do Concello de Barbadás. Está previsto que a final de ano teñan participado desta actividade os catro centros escolares do Concello, conformando un total aproximado de 500 alumnas e alumnos de Educación Primaria que poderán aproveitar destes obradoiros.
- Formación de educadoras/es: Realízanse sesións formativas dirixidas ao profesorado dos centros educativos, a educadoras/es do ámbito non formal e a monitoras/es de tempo libre do Concello coa intención de aprender e traballar metodoloxías educativas relacionadas coa igualdade e poder poñelas en práctica no desenvolvemento da súa profesión. Diferéncianse os ámbitos de actuación de cada grupo, adaptando os contidos á súa actividade profesional.
- Escola de Nais e Pais: En varias sesións grupais preténdese facilitar ferramentas ás nais e pais do alumnado do Concello para a súa educación segundo o principio da igualdade de xénero.
- Actividades de Lecer e Tempo Libre: Durante o verán, realizáronse diversas actividades dirixidas á infancia, entre elas dous campamentos urbanos e sesións de contactos para nenas e nenos de educación infantil. Todas as actividades abordaron temáticas coas que se traballou

de maneira lúdica e transversal a igualdade de xénero.

- **Campana de sensibilización:** Estase a facer ao longo do ano unha difusión do proxecto a través de material impreso con contidos relacionados coa temática central do mesmo, co obxectivo de informar e sensibilizar á poboación en xeral.
- **Traballo en rede:** Todas as actividades están apoiadas por un traballo en rede que XARELA está tecendo con diferentes entidades; o propio Concello de Barbadás, as Asociacións veciñais, os Equipos pedagóxicos dos centros de ensino, as ANPAS, etc.... implicándoas na consecución dos obxectivos do proxecto.

## A figura do/a Educador/a Social dentro do Proxecto

A figura profesional da Educación Social dentro do Proxecto Pingüinos é fundamental; a súa coordinación e execución está desempeñada na súa totalidade por educadoras/es sociais. Así, esta iniciativa ofrece a oportunidade de levar a cabo a súa imprescindible tarefa educativa en prol da igualdade de xénero ademais de supoñer unha acción concreta na que adquiren un compromiso coa profesión. O traballo de análise e elaboración previo á execución tamén permite concretar aqueles coñecementos teóricos sobre programación adquirida ao longo da súa formación.



“o “Proxecto Pingüinos” busca promover a igualdade entre mulleres e homes”

“Pingüinos” supón un proxecto global composto por accións concretas que vén a cubrir, tamén, a crecente demanda educativa, cultural e de formación que os contextos educativos formais non son capaces de abarcar por si sos. As/os educadoras/es sociais son as/ os profesionais máis adecuadas/os para responsabilizarse desta tarefa; no Proxecto Pingüinos introdúcese unha particularidade, boa parte destas accións formativas complementarias teñen lugar dentro do contexto escolar, ao contrario do que acontece habitualmente (a Educación Social como propia dos contextos non formais). Trátase deste xeito de aproveitar o espazo escolar e a inercia que isto xera na vinculación cos axentes educativos, en definitiva, co propio Proxecto Pingüinos. Ademais, supón a introdución da figura da educación social como elemento necesario en contextos escolares e de apoio ao resto de formadoras/es do centro, feito tan reivindicado dende o propio colectivo profesional. A concreción desta función vese reflectida claramente polos Obradoiros Socieducativos, complementados directamente pola Escola de Nais e Pais que responde á necesidade de intervir no ámbito familiar, en tanto que elemento fundamental de integración e formación das persoas, e á necesidade de comunicación fluída e estreita co resto de axentes socializadores existentes no entorno inmediato.

Por outro lado, a educación social dentro do proxecto ten a responsabilidade de velar tamén pola intensificación das tarefas de prevención, detección e atención interdisciplinaria (a nivel escola, familia e atención social), destacando a necesidade de reforza-la coordinación entre as diferentes entidades e os profesionais do traballo social.



# Caixa de



Cando a reflexión ten vontade de transformar a realidade que nos rodea debe ter un impacto ineludible nas prácticas profesionais que levamos a cabo, e para actuar precisamos dunha bagaxe de ferramentas que dean soporte á nosa acción.

No apartado “A ter en conta” presentamos referencias lexislativas e bibliográficas que resultan básicas para levar a diante calquera acción socioeducativa. Asemade, no “Mira, Le, Escoita” presentamos unha proposta de materiais para ser empregados dende a educación social: libros para traballar coa infancia e xuventude; música para escoitar e reflexionar; unha película para debater. Finalmente, contamos cun decálogo de actuación para a promoción dunha práctica educativa igualitaria que foi o resultado das argumentacións de diferentes académicas e profesionais do feminismo galego.

# Ferramentas

## A TER EN CONTA

# Normativa Declaracións

### A nivel Internacional

- 1967 Declaración sobre a eliminación da discriminación da muller
- 1975 Ano Internacional da Muller e I Conferencia Mundial sobre a Muller de Nacións Unidas en México. Instaurase o Primeiro Decenio da Muller: Igualdade, Desenvolvemento e Paz.
- 1979 Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (“Carta dos dereitos humanos da muller”)
- 1980 II Conferencia Mundial sobre a Muller en Copenhague. Esta conferencia serviu para examinar e avaliar o Plan de Acción de 1975.
- 1985 III Conferencia Mundial da Muller en Nairobi. Nesta Conferencia fíxose un balance dos logros conseguidos no Decenio das Nacións Unidas para a Muller e determinouse a necesidade de adoptar un novo enfoque para superar os obstáculos e o establecemento de tres tipos de medidas: Medidas constitucionais e xurídicas. Igualdade na participación social. Igualdade na participación política e na adopción de decisións.
- 1994 Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller.
- 1995 IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres en Beijing. Recoñécese a necesidade de trasladar o centro de atención das Políticas de Igualdade centradas nas mulleres, cara políticas que integren a perspectiva de xénero.
- 2000 Declaración do Milenio. Inclúese a igualdade entre homes e mulleres como obxectivo a conseguir.
- NEW YORK. BEIJING + 5. Procediuse a revisar o grado de cumprimento das áreas establecidas en dita Conferencia e elaboráronse novas estratexias, xunto á reafirmación do compromiso adquirido.
- 2005 NEW YORK. BEIJING+ 10. A 49ª Sesión da Comisión da ONU da Condición Xurídica e Social da Muller/Beijing +10 termina coa aprobación de Dez resolucións e unha declaración política, reafirmando o compromiso dos gobernos coa Declaración e a Plataforma de Acción de Beijing, consensuadas dez anos atrás.



**2006** Créase o Instituto Europeo da Igualdade de Xénero.

Apróbase a Folla de Ruta para a Igualdade entre as Mulleres e os homes (2006- 2010). Trátase dunha iniciativa coa que se pretendeu evitar as desigualdades de xénero mediante un Programa de 21 actividades específicas a desenvolverse entre 2006 e 2010, en 6 ámbitos de acción prioritarios. O programa PROGRESS, encargouse de financiar algunhas das actividades enumeradas na Folla de Ruta, así como o Instituto de Xénero.

**2007** Declárase o 2007 como o "Ano europeo da igualdade de oportunidades para todos: Cara unha sociedade xusta". Continuando coa experiencia da Iniciativa EQUAL, púxose en marcha o Programa comunitario de fomento de emprego e a solidariedade social PROGRESS (2007-2013) co que se pretende contribuir á consecución dos obxectivos da estratexia de Lisboa.

**2010** Foro Europeo Beijing+ 15 . O obxectivo foi analizar e avaliar o grado de cumprimento dos obxectivos estratéxicos e as medidas establecidas nas áreas de actuación fixadas na Declaración e a Plataforma para a Acción, por parte dos Estados membros da Unión Europea.

## A nivel Estatal

- Lei 16/1983, de 24 de outubro, de creación do Instituto da Muller. (B.O.E. 26/10/1983).
- Lei 30/2003, de 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. (B.O.E. 14/10/2003).
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. (B.O.E. 29/12/2004).
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. (B.O.E. 23/03/2007).

## A nivel autonómico

- Lei 3/1991, de 14 de xaneiro, pola que se crea o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller. (D.O.G. 28/01/1991). (B.O.E. 23/02/1991)
- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. (D.O.G. 3/08/2004). (B.O.E. 21/09/2004).
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. (D.O.G. 13/04/2007).
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (D.O.G. 07/08/2007).

# Lecturas Básicas

## FEMINISMO E POLÍTICAS PÚBLICAS DE IGUALDADE

*Amorós, C (dir.) (1995):* Diez palabras clave sobre Mujer. *Pamplona: Editorial Verbo Divino.*

*Millet, K.(1969):* Política Sexual. *México: Aguilar.*

*Beuvoir, S. (2005):* El segundo sexo. (Martorell A. trad.) *Madrid: Ediciones Cátedra.*

*Miyares, A. (2006):* Democracia feminista. *Madrid: Cátedra.*

*Sánchez Bello, A. (coord.) (2006):* Políticas públicas de igualdad. Perspectiva de género. *Ames: Laiovento.*

*Pateman, C. (1995):* El contrato sexual. *Barcelona: Anthropos.*

## XÉNERO E EDUCACIÓN

*Barragan, F. (coord.) (2001):* Violencia de género y curriculum : un programa para la mejora de las relaciones interpersonales y la resolución de conflictos. *Archidona (Málaga): Aljibe.*

*Bosch, E. y Ferrer V.A. (2002):* La voz de las invisibles. Las víctimas de un mal amor que mata. *Madrid: Cátedra (Feminismos)*

*Bronwyn, D. (1994):* Sapos y culebras y cuentos feministas: los niños de preescolar y el género. *Madrid: Cátedra.*

*Camps, V. (1998):* El siglo de las mujeres. *Cátedra*

*Cobo, R. (2008):* Educar en la ciudadanía. Perspectivas feministas. *Madrid: Catarata.*

*Miedzian, M. (1996):* Chicos son, hombres serán. Cómo romper los lazos entre masculinidad y violencia. *Madrid: Horas y horas.*

*Moreno, M. (1993):* Cómo se enseña a ser niña: el sexismo en la escuela. *Barcelona: Icaria.*

*Murillo, S. (1996):* El mito de la vida privada. *Madrid: Siglo XXI*

*Nieves Blanco (Coord.) (2001):* Educar en femenino y en masculino. *Madrid: Akal.*

*Santos Guerra, M.A. (Coord.) (2000):* El harén pedagógico. Perspectiva de género en la organización escolar. *Barcelona: Graó.*

*Subirats, M. e Brullet, C. (1992):* Rosa y Azul. La transmisión de los géneros en la escuela mixta. *Madrid: Instituto de la Mujer*

*Varela, N. (2005):* Feminismo para principiantes. *Barcelona: Ediciones B*

*VV.AA. (1996):* La coeducación ¿transversal de las transversales? *Vitoria-Gasteiz: Emakunde*

## NOVELAS CON TINTES VIOLETAS

*James, H. (2006):* Las bostonianas. *Barcelona: Mondadori*

*Woolf, V. (2003):* Un cuarto propio. *Madrid: Horas y horas.*

*Lienas, G. (2007):* Atrapada en el espejo. *El Aleph. Barcelona.*

# Páxinas violetas

## INSTITUCIONAIS

Páxinas web de organismos oficiais que traballan no ámbito da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

ENTIDADE OU INSTITUCIÓN	ENDEREZO WEB
Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad	<a href="http://www.msps.es">www.msps.es</a>
Secretaría Xeral de Igualdade	<a href="http://www.igualdade.xunta.es">www.igualdade.xunta.es</a>
Emakunde (Instituto Vasco da Muller)	<a href="http://www.emakunde.euskadi.net">www.emakunde.euskadi.net</a>
Instituto Andaluz da Muller	<a href="http://www.juntadeandalucia.es/iam/">www.juntadeandalucia.es/iam/</a>
Observatorio Violencia de Xénero	<a href="http://www.observatorioviolencia.org">www.observatorioviolencia.org</a>
United Nations Development Fund for Women	<a href="http://www.unifem.org">www.unifem.org</a>
Concellería de Igualdade (Concello de Vigo)	<a href="http://www.igualdadevigo.org">www.igualdadevigo.org</a>

## PLATAFORMAS E ASOCIACIÓNS FEMINISTAS NA REDE

Selección de páxinas web que canalizan na rede a información elaborada por diferentes plataformas e asociacións que denuncian a discriminación de xénero e fan da igualdade de oportunidades un obxectivo a conseguir. Trátase de espazos virtuais nos que conflúen diversas iniciativas feministas que emerxen da organización cívica e onde se poden atopar materiais de grande valor e interese educativo.

ENTIDADE OU INSTITUCIÓN	ENDEREZO WEB
Mulleres en rede	<a href="http://www.nodo50.org/mujeresred/">www.nodo50.org/mujeresred/</a>
Cidade de Mulleres	<a href="http://www.ciudaddemujeres.com">www.ciudaddemujeres.com</a>
Fórum de Política Feminista	<a href="http://www.forumpoliticafeminista.org">www.forumpoliticafeminista.org</a>
Mulleres Xuristas Themis	<a href="http://www.mujeresjuristasthemis.org">www.mujeresjuristasthemis.org</a>
Rede Estatal de Organizacións Feministas Contra a Violencia de Xénero	<a href="http://www.redfeminista.org">www.redfeminista.org</a>
Plat. por Permisos Iguales e Intransferibles de Nacemento e Adopción	<a href="http://www.igualesintransferibles.blogspot.com">www.igualesintransferibles.blogspot.com</a>
Asociación de Homes pola Igualdade de Xénero	<a href="http://www.ahige.org">www.ahige.org</a>
Asociación de Homes Galegos pola Igualdade de Xénero	<a href="http://www.homesgalegospolaigualdade.org">www.homesgalegospolaigualdade.org</a>
Fundación Mulleres	<a href="http://www.fundacionmujeres.es">www.fundacionmujeres.es</a>
Marcha Mundial das Mulleres	<a href="http://www.feminismo.info/webgalego">www.feminismo.info/webgalego</a>
Sen xénero de dúbidas	<a href="http://www.singenerodedudas.com/">www.singenerodedudas.com/</a>
Educando en igualdade	<a href="http://www.educandoenigualdad.com/">www.educandoenigualdad.com/</a>
Amnistía Internacional (Grupo de traballo Cataluña)	<a href="http://www.amnistiacatalunya.org/edu//es">www.amnistiacatalunya.org/edu//es</a>

## ENTIDADE OU INSTITUCIÓN

Educación en valores  
Red Xoves  
Directorio de recursos educativos para la igualdad  
y la prevención de la violencia de género  
Ca la Dona  
Acsur Las Segovias  
Centro de Cultura de Dones  
Francesca Bonnemaïson  
Cladem (Comité de América Latina y el Caribe  
para la Defensa de los Derechos de la Mujer)  
Federación de Mulleres Xoves  
Federación de Mulleres Progresistas

## ENDEREZO WEB

[www.educacionenvalores.org/](http://www.educacionenvalores.org/)  
[www.redjovenes.es/](http://www.redjovenes.es/)  
[www.educarenigualdad.org/](http://www.educarenigualdad.org/)  
[www.caladona.org](http://www.caladona.org)  
[www.acsur.org](http://www.acsur.org)  
[www.bonnemaïson-ccd.org](http://www.bonnemaïson-ccd.org)  
[www.cladem.org](http://www.cladem.org)  
[www.mujeresjovenes.org](http://www.mujeresjovenes.org)  
[www.fmujeresprogresistas.org](http://www.fmujeresprogresistas.org)



# En Terra de Homes

Unha película dirixida por Niki Caro onde se narra a historia Josey, unha muller que decide pñer fin a unha relación de parella violenta e comezar unha nova vida no seu pobo, situado ao norte de Minesota. Neste (re)inicio busca traballo na principal fonte de emprego da rexión: as minas de ferro. A pesares da dureza das condicións laborais e animada por unha vella amiga que traballa nas minas, Josey aposta pola autonomía que lle concede a independencia económica e entra a traballar na mina coa ilusión de marcar un novo rumbo vital.

Está mentalizada para a dureza do emprego pero non para o acoso que, tanto ela como as súas compañeiras terán que sufrir por parte dos seus compañeiros por estar “en terra de homes” realizando actividades entendidas como pouco apropiadas para mulleres. Cando Josey protesta polo (mal)trato constante que reciben as mulleres na mina atopa unha gran oposición non so por parte dos compañeiros, senón tamén polas compañeiras e a veciñanza deste pequeno pobo.

A pesares dos contratempos, Josey decide loitar por aquilo que cre xusto e inicia un camiño que a levará máis lonxe do esperado, activando o primeiro pleito masivo por acoso sexual en Estados Unidos e inspirando medidas lexislativas para combater esta lacra machista.

## CONTIDOS PARA REFLEXIONAR...

Roles e estereotipos de xénero	Violencia de xénero	Discriminación laboral
<ul style="list-style-type: none"> <li>Dúas maneiras de ser e estar no mundo: unha masculina e outra feminina.</li> <li>Vinculación de actitudes, habilidades e capacidades co sexo da persoa.</li> <li>Itinerarios vitais prefixados. Destino da muller: garantir a unión e coidado da familia.</li> <li>Sanción social ante a transgresión dos roles adecuados ao sexo.</li> <li>Ligazón da orientación sexual á identidade de xénero.</li> </ul>	<p><b>Relación de parella:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Maltrato por parte da parella</li> <li>Xustificación e minimización da violencia</li> <li>Falta de apoio e sanción social</li> <li>Dificultades para refacer un itinerario vital positivo e sen violencia.</li> </ul> <p><b>Acoso e violencia sexual:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Insultos, pintadas, humillacións, bromas, tocamientos, ...</li> <li>Función punitiva do acoso.</li> <li>Violación como máxima expresión da violencia sexual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Profesións femininas vs. profesións masculinas</li> <li>Segregación horizontal do emprego</li> <li>Tratamento diferenciado e tarefas específicas e adecuadas para cada sexo</li> <li>A presenza feminina nos sindicatos e o seu potencial de transformación</li> </ul>

Le

Para as mais pequenas e pequenos...

## Colección: "A igualdade conta"



Autoras: Cristina Justo e Paloma Rodríguez  
Editorial: Edicións Embora  
Ano de edición: 2010 | páxinas: 28

"O país dos mandóns" é un dos libros dunha serie de títulos que abre a colección "A Igualdade Conta". Neste libro infantil propónse a igualdade como eixo dunha sociedade máis igualitaria e partícipe. As propias nenas e nenos son protagonistas dunha historia contextualizada nun país imaginario no que a desigualdade e a imposición do poder establecido fai que os seus habitantes vivan nun mundo triste, escuro; na que a posibilidade de acción individual queda limitada por unhas regras sociais que han de aceptar os seus cidadáns. A busca dunha sociedade máis equitativa será o que aúne a cidadanía.

Ana Sánchez Bello

Para adolescentes...

## Os diarios de Carlota

A través da personaxe de Carlota, a autora introdúcenos nunha reflexión subversiva sobre certos temas de gran interese como pode ser a situación da muller no mundo actual, o espertar da sexualidade, a violencia de xénero e as drogas. A lúcida perspectiva desta rapaza, xunto coas achegas da súa avoa e algúns toques humorísticos son unha boa combinación para comezar a pensar na construción dun mundo diferente onde a igualdade é un valor irrenunciabile.

Tania Merelas Iglesias



Máis información sobre estas e outras obras de Gemma Lienas:  
[www.gemmalienas.com](http://www.gemmalienas.com) ou [www.gemmalienasmassot.blogspot.com](http://www.gemmalienasmassot.blogspot.com)



## Escoita

**En negativo...** podemos traballar a letra da canción “Manos al aire” de Nelly Furtado, que está a soar nos programas musicais das principais cadeas radiofónicas. O contido reflexa unha relación de parella que reproduce a desigualdade manifesta entre mulleres e homes, podéndose deducir certa violencia psicolóxica e física nas súas liñas. A protagonista da canción pensa que co seu amor a relación na que se atopa pode mudar e manifesta que o único importante para ela é querer ao compañeiro que a está facendo sufrir. O modelo que transmite, ¿axuda a crear relacións de parella máis igualitarias?

### MANOS AL AIRE Nelly Furtado

Tú, que pierdes el control  
hablando en alta voz  
Hieres mi corazón  
Yo, tratando de escuchar  
No me puedo explicar  
Qué extraña sensación.

Tú no me quieres entender  
Y me mandas a callar diciéndome  
No me debo sorprender  
Porque así es la realidad  
De nuestro amor

Y yo  
No tengo armas para enfrentarte  
Pongo mis manos, manos al aire  
Sólo me importa amarte  
En cuerpo y alma como era ayer

Tú que perdiste el control  
Te dejaste llevar  
Por la inseguridad  
Yo que te he visto crecer  
Me puedo imaginar  
Que todo cambiará  
Hoy aunque todo siga igual  
Y me mandes a callar diciéndome  
Que tienes que dominar  
O será el final  
Y yo no puedo así

Y yo  
No tengo armas para enfrentarte  
Pongo mis manos, manos al aire  
Sólo me importa amarte  
En cuerpo y alma como era ayer

No tengo armas para enfrentarte  
Pongo mis manos, manos al aire  
Sólo me importa amarte  
En cuerpo y alma como era ayer

### CORAZÓN LIBRE Mercedes Sosa

Te han sitiado corazón y esperan tu renuncia,  
los únicos vencidos corazón, son los que no luchan  
no los dejes corazón que maten la alegría,  
remienda con un sueño corazón, tus alas malheridas

No te entregues corazón libre, no te entregues  
no te entregues corazón libre, no te entregues

Y recuerda corazón, la infancia sin fronteras,  
el tacto de la vida corazón, carne de primaveras,  
se equivocan corazón, con frágiles cadenas,  
más viento que raíces, corazón, destrózalas y vuela

No los oigas corazón, que sus voces no te aturdan,  
serás cómplice y esclavo corazón, sí es que los escuchas

Adelante corazón, sin miedo a la derrota,  
durar, no es estar vivo corazón, vivir es otra cosa

**En positivo...** e como homenaxe a unha muller que foi exemplo de loita e coraxe, ademais da súa grande valía como artista, rescatamos a canción “Corazón Libre” de Rafael Amor, que canta Mercedes Sosa. Unha letra esperanzadora que anima a construír o camiño vital dende a autonomía e a liberdade persoal, buscando a felicidade en eleccións non predeterminadas.



# Decálogo de boas prácticas en educación para a igualdade

## 1. Transversalizar a perspectiva de xénero no eido persoal e profesional, e planificar con compromiso desde o principio de igualdade de oportunidades.

Aplicar a perspectiva de xénero na acción socioeducativa pasa por levar a cabo unha planificación con compromiso, compartida e interdisciplinar, que mellora a nosa intervención ao:

- Recompilar e xerar información desagregada por sexos.
- Analizar as relacións de xénero, e as súas causas e cómo afectan ás mulleres e aos homes.
- Analizar o acceso e control dos recursos por parte dos homes e das mulleres.
- Identificar discriminacións,

desigualdades e factores de desigualdade entre mulleres e homes. Coa finalidade de:

Formular obxectivos e formas de traballar específicos para eliminar estas diferenzas.

Elaborar indicadores que permitan medir a redución das diferenzas (avaliación).

Identificar os recursos necesarios para isto.

- Identificar necesidades, demandas e intereses de mulleres e homes.
- Ofertar as mesmas oportunidades.
- Facilitar a visibilización e a participación activa das mulleres e fomentar a presenza de homes nas intervencións relativas ao impulso da igualdade de xénero.

## 2. Facer un uso non sexista da nosa linguaxe verbal e escrita.

A linguaxe que utilizamos non é unha creación persoal arbitraria, senón unha ferramenta de intervención social que inflúe directamente na realidade na que estamos a traballar<sup>1</sup>, e que dependendo do uso que fagamos dela permitenos seguir a perpetuar as desigualdades ou, polo contrario, poñerlle fin ás discriminacións de xénero e ao androcentrismo persistente. Polo tanto, é necesario ter coidado das palabras que nomeamos e que nos nomean e crear unha realidade social e socioeducativa na que mulleres e homes esteamos sempre presentes. É preciso, pois, usar códigos orais, escritos, xestuais non sexistas.

1.- "O que non se nomea non existe"

**3. Adoptar e exercitar un espírito e actitude crítica, que implica observar atentamente as funcións, roles, estereotipos, mitos, etc. dentro do grupo-familia para así deseñar unha estratexia de compensación e de igualdade, acompañando no proceso socioeducativo de cambio (non xulgando).**

Potenciar a corresponsabilidade (non é o mesmo que conciliar, xa que “concilian” os que traballan fóra da casa, as que traballan dentro da casa “non concilian”).

Promover o traballo remunerado das mulleres e a vida pública (participación social, formación, creación de grupos e redes...), estimulando a importancia de apreender distintos saberes (non teñen por que ser en contextos formais).

Valorar positivamente o traballo doméstico e ás persoas que se dedican ao mesmo, así como os calificados tradicionalmente como “traballos de mulleres”: cociña, horticultura, xardinería, artesanía... pór en valor a capacidade creativa das mulleres.

Fomentar nas mulleres (e tamén nos homes) a necesidade de verbalizar desexos, ideas ou necesidades que entronquen co seu proxecto de vida, sen sentirse culpables por pedir algo (ter en conta que as mulleres, por tradición cultural, supeditan os seus desexos, os seus soños, as súas expectativas, as súas necesidades... aos dos homes -ou aos da familia-).

Renovar o sentido común, cuestionando crenzas, valores, supostos básicos e rutinas ou costumes que teñen efectos sexuais.

**4. Colocar a coeducación como principio educativo de todo servizo, institución ou programa de acción socioeducativa.**

Para traballar a prol da igualdade, cómpre reflexionar sobre as identidades de xénero para adaptalas aos novos tempos e realidades que queremos construír, así como romper prexuízos e ser creativas/os na maneira de educar e de coeducar. A educación fainos libres, e a coeducación é o camiño da independencia e a autosuficiencia.

**5. Crear espazos de confianza e relación.**

Isto favorecería o crecemento persoal, relacional e intelectual. Neste punto son moi importantes as metodoloxías de traballo que se escollen (a aprendizaxe en equipo, o diálogo que incorpore a reflexión, a colaboración, o intercambio das experiencias desde os distintos puntos de vista, etc.) para o traballo coas persoas.

**6. Rescatar e poñer en valor as experiencias e saberes de mulleres.**

Insistimos nas mulleres por ser case sempre as esquecidas. É preciso mesturar o tradicionalmente masculino co feminino para que a uns e a outras non se nos negue ningunha experiencia, ningún coñecemento, a experimentación científica e tamén a emocional; e adoptar marcos teóricos e actitudinais que promovan o acceso de mulleres e homes, en igualdade de condicións, a todas as formas de cultura, experiencias, recursos, etc., poñendo en valor os saberes femininos e masculinos, nun mesmo nivel igualitario.

2.- A perspectiva de xénero supón ter en conta de forma sistemática as diferenzas entre os roles e as condicións, situacións e necesidades de mulleres e homes, nas fases de planificación, execución e avaliación de todas as políticas (de educación, de emprego, de participación política e social, de cultura, de saúde, de medio ambiente, etc.), de todos os proxectos, de todas as actuacións desenvolvidas desde calquera institución e entidade pública ou privada. Deste xeito homes e mulleres se benefician por igual, impedindo que se perpetúen as discriminacións.

## 7. Dixerindo o xénero: Sensibilizar e Formar.

Se queremos aplicar a perspectiva de xénero e introducila en todas as nosas intervencións temos que saber que é e para que nos vai servir.

Recomendamos que as/os profesionais teñamos formación específica en xénero: recoñecer o sistema de desigualdade imperante e os mecanismos de corrección da mesma. Esta formación debe estar interiorizada de xeito actitudinal: sentimento, pensamento e acción (modelo socioafectivo).

Reclamamos a necesidade dunha formación en coeducación como elemento de innovación profesional, o que implica ter un coñecemento teórico e actitudes para plasmarlos na práctica da acción socioeducativa:

- Creación de sistemas familiares e a relación e influencia da socialización diferencial.
- Concepción patriarcal dos sistemas e, sempre ter presente, a súa influencia na realidade familiar, escolar, social, etc.
- Prácticas educativas baseadas na diferenciación sexual.
- Adquisición de valores que contribúan a non ser transixentes ante prácticas sexistas.
- Utilización de materiais alternativos, exentos de prexuízos

excluíntes, e adopción dunha perspectiva crítica ante os existentes.

## 8. Ti es a que máis conta: mulleres sóricas e empoderadas.

Promover unha análise de necesidades socioeducativas que parta da realidade das persoas ás que se dirixe, especialmente dos colectivos menos valorados ou infrarrepresentados. Pór en valor e ter en conta o que pensan, o que demandan á hora de planificar calquera acción.

En todo traballo realizado con mulleres partimos de dous eixos básicos que forman parte dos contidos e tamén da metodoloxía:

Empoderamento, individual e colectivo das mulleres a través da posta en valor de si mesmas para que as mulleres tomen as rendas da súa vida. É un “poder para”, é un “poder con” e non un “poder sobre”.

Sororidade, (sor- irmá) desmontar a rivalidade entre mulleres imposta polo patriarcado para aliarnos e apoiarnos.

## 9. Introducir a perspectiva de xénero aplicando o mainstreaming.

Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes en

tódalas políticas, a todos os niveis e en tódalas etapas; e o principio de cooperación entre todos os axentes implicados na igualdade de oportunidades.

## 10. Utilizar materiais alternativos, exentos de prexuízos excluíntes por razóns de sexo, raza, idade, etc., e adoptar unha perspectiva crítica ante os que non cumpran este principio.

Faise necesaria a sensibilización de toda a sociedade cara a igualdade de oportunidades, eliminando as manifestacións máis evidentes de sexismo nos materiais que vamos usar para a acción socioeducativa e comprobando o equilibrio entre as imaxes de homes e mulleres así como as actividades a realizar por ambos.

Os tempos son chegados di o himno galego, e nós queremos dicir que a educación social tamén ten os seus tempos, tanto nunha perspectiva temporal do pasado, como a actual e a proxectiva.

No apartado “Lembrando a” queremos recordar (tempo pasado) a unha das primeiras feministas en España, Concepción Arenal, coñecendo as súas aportacións á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. No seguinte apartado (tempo presente) “Que está pasando con”, coñeceremos a nosa visión sobre a páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade. Por último, en “Preocúpanos” (tempo futuro) presentamos o Centro de Información ás Mulleres do Concello da Coruña e o traballo das educadoras sociais neste centro.

# tempos de educación social

# Concepción Arenal Ponte e as súas aportacións á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

**María José Méndez Lois**

Facultade de CC. da Educación. Universidade de Santiago de Compostela.

Concepción Arenal (1820-1893) comezou a a súa formación cunha educación tradicional ou, como se denominaba naquela época “*propia de señoritas*” pero, máis tarde, ano 1841, matricúlase na Universidade de Madrid, como asistente ás aulas masculinas e comeza a participar nos faladoiros políticos e literarios da época, rexeitando, deste xeito, a tradicional condición da muller do seu tempo.

Ocupouse principalmente da situación da muller en dúas obras: “*La mujer del porvenir*” (1968) e “*La mujer de su casa*” (1883) así como en grande número de capítulos do resto das súas obras, recompiladas nas súas Obras Completas como “*Memoria sobre la desigualdad*” (1982), “*El pauperismo*” (1885), “*La educación de la mujer*” (1892), etc.

A obra de Concepción Arenal xorde no marco da reforma cultural levada a cabo na segunda metade do século XIX polo krausismo, reivindicando para a muller a necesidade de participar na educación e na instrución que lles permita o acceso a un traballo lucrativo (Santalla, 1995: 13).

Son catro as achegas esenciais da autora sobre a muller do século XIX e sobre o futuro, que se debería construír, para as mulleres de vindeiras xeracións: a crítica á suposta inferioridade feminina, a súa concepción da igualdade, a súa proposta sobre a educación e a instrución para a muller e a súa visión sobre o traballo feminino.

O punto de arranque da súa obra é a consideración xeral de inferioridade intelectual da muller e, como consecuencia, a inferioridade laboral e salarial e o menosprezo continuo que se lles fai as mulleres, sexa cal sexa a súa clase social, que raia, con frecuencia, no desprezo social e moral. Nunca foi capaz de enten-

der como o home podía considerar compañeira a un ser que trataba de forma inferior.

A súa concepción da igualdade aparece resumida no último parágrafo do capítulo III da súa obra *“La igual social y política y sus relaciones con la libertad”* (1898) que transcribimos a continuación pola súa elocuencia:

*“A igualdade non é nos sexos, nin en nada, a identidade: non queremos entre a muller e o home a igualdade absoluta senón a suficiente harmonía que hoxe non existe, que non pode existir por desigualdades excesivas. Non pretendemos que as mulleres sexan militares, senón que non sexan rexeitadas daquelas profesións e oficios para os que resulten aptas, e que non se declare a súa ineptitude sen que este probada pola experiencia. Non queremos o que se entende pola muller emancipada, senón o que debe entenderse pola muller independente; non queremos o amor libre, senón o matrimonio contraído con liberdade,... base*

*firme da virtude e a prosperidade dos pobos.”*

Para Concepción Arenal a consecución da igualdade pasa pola educación intelectual da muller co fin de participar activamente na sociedade desempeñando traballos que lle permitan a súa independencia moral e económica.

Reivindicará, ao longo da súa obra, unha educación –entendida como formación moral- e unha instrución básica para a muller - para desempeñar un oficio- argumentando que a súa falta limita á muller, empobrece o seu mundo, faina vulnerable moralmente e mantena nunha perpetua minoría de idade sen que poida acadar a súa plenitude como cidadá. Pero, non obstante, ponlle límites á formación feminina: *“...quixeramos que esa ensinanza fose encamiñada a facilitar e perfeccionar a práctica de profesións fáciles, de artes e oficios lucrativos, dos que hoxe están excluídas as mulleres”*.

Nunca rexeitou a labor doméstica da muller e fíxoa compatible co

desenvolvemento da súa actividade fóra do lar. Para prepararse para os oficios afirma que será necesaria a instrución industrial da muller, baixo a tutela dunha xunta de señoras que poñerán os seus esforzos na súa formación ocupacional. Aínda que nalgúns dos seus escritos avogou por algúns oficios preferentes para as mulleres abstívose de respostas cerradas ata que en 1892 no Congreso Pedagóxico Nacional afirmou: *“Non cremos que poida fixarse límites á aptitude da muller, nen excluíla a priori de ningunha profesión, como non sexa a das armas, que repugna á natureza, e esperemos que repugne ao home!”*

A influencia do pensamento de Concepción Arenal chega ata os nosos días e, se se analiza con rigor a súa obra, podemos afirmar sen temor a equivocarnos, que ela sentou as premisas do que poderíamos chamar a promoción socio-cultural e educativa da muller, promoción que pasa polo seu ingreso no mundo do traballo e a súa presenza nos distintos ámbitos educativos.

## Bibliografía

Díaz, C. (1994). *Concepción Arenal y su mujer del provenir. Claves de razón práctica*, núm. 40, 68-71.

Lacalzada de Mateo, M<sup>a</sup> J. (1994). *Mentalidad y proyección social de Concepción Arenal*. A Coruña: Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol/Concello de Ferrol.

Nielfa, G. (1994). *Concepción Arenal y la igualdad*. Arenal, Vol.1, núm. 1, 139-156.

Santalla, M. (1995). *Concepción Arenal y el feminismo católico español*. Sada, A Coruña: Edicions do Castro.

Vallejo Flórez, A. (1999). *Concepción Arenal: su proyección histórica socioeducadora*. Salamanca: Tesitex S. L.

QUE ESTÁ PASANDO CON...?

# Mulleres en Galicia. A páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade.

[www.igualdade.xunta.es](http://www.igualdade.xunta.es)

Área de Comunicación do Ceegs

A páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, que se estrenou en xullo de 2010 baixo o nome Mulleres en Galicia e incorpora agora outras modificacións para facilitar a información e a navegación ás persoas usuarias, está estruturada en tres eixos principais:

- Unha parte destinada á área de igualdade da Xunta de Galicia, na que se pode encontrar cómo contactar, as áreas de actuación, os programas, as axudas, as convocatorias, noticias, en definitiva, todos os recursos que a área de igualdade da Xunta pón a disposición de homes e mulleres.
- Unha segunda parte, que pretende informar sobre todos aqueles asuntos relacionados coa igualdade. Organizada en varios temas, proporciona información sobre varias temáticas de actualidade, como a violencia de xénero, programas e recursos, axudas, lexislación específica., o papel das mulleres na cultura, no deporte, na historia, na ciencia, o emprendemento, e aborda cuestións vencelladas á corresponsabilidade e á conciliación ou a coeducación, cos recursos correspondentes. Noutros apartados, analiza a importancia do rol do home na procura da igualdade, incidindo no asociacionismo masculino e nos proxectos e recursos específicos.
- O terceiro grande bloque está destinado á documentación, cunha biblioteca de recursos sobre

igualdade, tanto no ámbito galego como fóra del; o enlace ao Directorio de Mulleres Expertas, no que hai información e datos para contactar con mulleres que viven en Galicia e que destacan pola súa actividade ou coñecemento en moi diferentes materias; ou o Observatorio da Publicidade, que indica cómo calquera cidadán/á pode denunciar a publicidade que considere sexista.

A web conta cun buscador de palabras, para facilitar a localización dos contidos e en cada información hai elementos relacionados, ligazóns externas e documentos de interese.

A páxina contén información en ámbitos relacionados coa ciencia, cultura, deporte, coeducación, corresponsabilidade, linguaxe non sexista, violencia de xénero... Contén documentos interesantes sobre estes ámbitos, unha base teórica na que apoiarse, referencias bibliográficas, información sobre axudas e subvencións, guías e programas, ordes e leis, enlaces de interese...





# Mulleres en Galicia

A SECRETARÍA | LEXISLACIÓN | AXUDAS | PROGRAMAS E RECURSOS | SALA DE PRENSA

Lendo, creando
Contra a violencia
Cóidate
Emprende
Protagonistas
Estudando e aprendendo
Compartindo responsabilidades
Homeis

## Actualidade

**González defende a importancia do papel da Universidade para lograr a igualdade e a eliminación da brecha de xénero na elección de estudos**

04/05/2011 | 16:31



A Secretaría Xeral da Igualdade apoia ás universidades na consolidación das actuacións sobre igualdade cunha convocatoria de axudas de case medio millón de euros. As institucións académicas teñen que axudar a rematar coa brecha de xénero existente na elección de estudos, que está na base da segregación profesional e sectorial do noso mercado de traballo, e que ten como

## Axenda

« Maio 2011 »							
2	3	4	5	6	7	8	1
9	10	11	12	13	14	15	
16	17	18	19	20	21	22	
23	24	25	26	27	28	29	
30	31						



Dispón dun novo servizo xurídico online e dúas novas microseccións, A Protagonista e A Frase.

### Formación online sobre igualdade

Na web pode atoparse información sobre a oferta formativa online da Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa EGAP, dirixida ao persoal técnico de centros e recursos en materia de igualdade, dependentes das administracións locais galegas, e nalgúns casos tamén a aquelas persoas que están a traballar no ámbito dos servizos sociais, co obxectivo de fomentar un traballo interdisciplinar que permita prestar unha atención de carácter integral ás persoas usuarias.

As accións formativas ofertadas este curso son Deseño e xestión de proxectos de igualdade, Liderar en clave de xénero, Muller e dereito de familia, Aproximación psicolóxica á violencia de xénero e Xénero e discapacidade.

Para a realización destes cursos a matrícula puido formalizarse na plataforma de teleformación da EGAP no enlace <https://www.egap.xunta.es/matricula/login.php> dende o 6 de setembro ata o 5 de outubro de 2011. Na actualidade os módulos destes cursos xa se están

a desenvolver con normalidade e obtiveron unha gran demanda.

Esta web é un espazo aglutinador a nivel institucional no eido da igualdade que aporta información, recursos e lexislación específica podendo ser de interese para a cidadanía en xeral, profesionais, asociacións ...

Pola contra, entendemos que igualdade.xunta.es ten a oportunidade de recoller unha gran cantidade de experiencias, programas e recursos doutras entidades ou asociacións, con dinámicas moi interesantes a prol da igualdade. Por iso, no apartado de ligazóns externas cremos que existe un amplo campo de mellora, podendo diversificar e ampliar a información recollida neste espazo web que sirva como referente no eido da igualdade.

En definitiva, igualdade.xunta.es é unha ferramenta potencial que desde o Ceesg consideramos pode ser de moita utilidade no traballo de educadoras e educadores sociais no seu quefacer diario na educación para a igualdade.

O Decreto 182/2004 polo que se regulan os Centros de Información ás Mulleres para o seu recoñecemento e funcionamento define estes Centros como *“aqueles departamentos de carácter permanente destinados a proporcionar asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional, información en materia de recursos e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten. Así mesmo, os centros de información ás mulleres proporcionarán información e asesoramento en materia de igualdade de oportunidades aos grupos de mulleres que de forma colectiva o demanden.”*

**Chus Gutiérrez Candame**

Educadora Social. CIM do Concello da Coruña.

# A Educación Social, a gran descoñecida dos CIM

Cunha opinión dende a práctica abrimos o camiño para a reflexión acerca do papel da educación social nos Centros de Información á Muller (CIM) da nosa comunidade autónoma. Neste pequeno artigo, Chus Gutiérrez preséntamos diferentes programas nos que ten unha responsabilidade como educadora dentro do centro de información á muller da cidade da Coruña, onde desenvolve a súa actividade profesional facilitando, deste xeito, repensar o que facer da educación social nun ámbito no que non ten demasiada presenza.

No caso concreto do Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello da Coruña, o equipo profesional está formado por dez técnicas distribuídas da seguinte maneira:

- 3 Educadoras Sociais
- unha Orientadora Laboral (Psicóloga)
- unha Directora (Pedagoga)
- dúas Auxiliares Administrativas
- unha Psicóloga
- unha Avogada
- unha Auxiliar de Servizos que é a persoa encargada de facer o filtro de entrada das mulleres que acoden ó CIM.

Ímonos centrar nos programas que desenvolvementos a tres Educadoras Sociais do Cim:

### **Programa ADA para mulleres inmigrantes.**

O Programa ADA ten como obxectivo favorecer a integración e participación social e laboral das mulleres inmigrantes na Coruña. Dentro deste programa desenvólvense actividades relacionadas co acceso e a formación en novas tecnoloxías, actividades socioculturais, accións de sensibilización social, orientación e asesoramento individualizado ás mulleres participantes.

### **Programa “Canguros” de atención á infancia.**

O Servizo Municipal de Atención á Infancia, “Canguros Municipais”, foi posto en marcha pola Concellaría de Igualdade e Participación Cidadá con obxecto de contribuír á harmonización da vida laboral, familiar e persoal dos veciños e veciñas da Coruña. Deste xeito, “Canguros” pretende dar resposta ás necesidades de conciliación por parte das unidades familiares que viven ou, se é o caso, traballan nesta cidade, no que respecta ao coidado dos/as menores. Neste programa traballan dúas Educadoras Sociais e unha Auxiliar Administrativa.

### **O Banco do Tempo.**

Moi vinculado co tema da Conciliación da vida Familiar e persoal está ligado outro dos programas levados a cabo por outra das Educadoras Sociais, é O BANCO DO TEMPO.

Este último programa, posto en marcha de maneira definitiva no mes de decembro do pasado ano, está incluído dentro do programa ‘Concilia os teus tempos’ e que contempla esta iniciativa como unha das medidas fundamentais para promover a harmonización dos tempos. A función da Educadora Social é, entre outras, dar a coñecer o Banco do Tempo á cidadanía, información e difusión, así como dinamizar e coordinar os intercambios.

A coordinación entre as profesionais do Cim é básica para o normal desenvolvemento dos programas. Así pois, no Centro, as mulleres acceden a calquera dos programas que se desenvolven e analízase a súa demanda e as súas necesidades e procúrase que sexan atendidas no menor tempo posible. O intercambio de información é rápido e eficaz, por iso, e a pesar de ter reunións de equipo semanais, ben é certo que temos “reunións informais” para realizar as derivacións puntuais ou comentar casos urxentes. Procúrase que o servizo sexa o máis áxil posible, polo que é habitual que todas fagamos esforzos coas axendas para dar un trato rápido e de calidade ás persoas que atendemos.

É importante promocionar a figura da Educación Social nos Centros de Información ás Mulleres e nos Servizos de Igualdade. No caso do Concello da Coruña o Cim conta, como xa dixemos, con tres Educadoras Sociais, e dentro da área de Participación tamén traballa outra Educadora Social, polo que é evidente que o noso traballo é recoñecido e valorado.







# Cuestión de Derechos

Expresado en termos xerais, poderíamos resumir que as persoas temos dereito a decidir cando, con quen e como temos relacións sexuais, así como se queremos ter fillas e fillos e, nese caso, cantos queremos ter e cando queremos telos. Xa que logo, os dereitos sexuais e reprodutivos son un garante da libre decisión sobre o uso do propio corpo, das emocións e dos afectos. Porén, se analizamos este concepto un pouco máis polo miúdo, podémonos dar de conta que estamos ante un tema complexo e proba disto é que estes dereitos estiveron sen recoñecer (e mesmo sen definir) durante milenios; mesmo hoxe en día aínda non están establecidos na práctica, malia estar recoñecidos como dereitos humanos fundamentais das persoas en xeral e das mulleres en particular.

## CUESTIÓN DE DEREITOS.

# Dereitos sexuais e reprodutivos

Lola Ferreiro Díaz

Os dereitos reprodutivos establécense por primeira vez como tais e con categoría de dereitos humanos, a finais da década dos 60 do século XX. Concretamente en 1968, na Conferencia Internacional de Dereitos Humanos de Teherán, pero fálase só de dereitos reprodutivos, e en referencia a “todos os seres humanos” (sen perspectiva de xénero), recoñecéndoselle aos “pais” o dereito humano fundamental a decidir “o número de fillos e os intervalos entre os nacementos”. En 1974, na Conferencia Mundial de Poboación

en Bucarest, amplíase a declaración deste dereito a todas as persoas (non só aos “pais”), e en 1985 asúmense os dereitos reprodutivos das mulleres, cando a ONU aproba as Estratexias de Nairobi<sup>1</sup>.

Polo que se refire aos dereitos sexuais, decláranse por primeira vez en 1994, na Conferencia de El Cairo<sup>2</sup>,

1 en Arroyo Navarrete, Larissa (2008), El Derecho a la Educación Integral para la Sexualidad de las y los Adolescentes en Costa Rica desde la Perspectiva de Género. Tesis de licenciatura. San José-Costa Rica, Ciudad Universitaria Rodrigo Facio

2 Fondo das Nacións Unidas para as Actividades de Poboación - ONU (1994), Conferencia internacional sobre a poboación e o desenvolvemento. Resumen del Programa de acción, El Cairo-Egipto, FNUAP.

sendo recoñecidos ao ano seguinte na Conferencia de Beijing<sup>3</sup>. No ano 2000 elaboráronse as cartas de dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres (e dos seres humanos en xeral), tanto pola Federación Internacional de Planificación Familiar<sup>4</sup>, como a Asociación Mundial de Sexoloxía<sup>5</sup>, por outra parte coincidentes no fundamental.

Tendo en conta os contidos das distintas declaracións institucionais sobre o particular, os anteditos dereitos pódense resumir así: o dereito a gozar do pracer que produce o exercicio da súa sexualidade desde a liberdade e a autonomía, co único límite dos dereitos das demais persoas, e desde unha posición de igualdade. O dereito á libre asociación sexual, calquera que sexa a súa orientación, á integridade e seguridade corporais, e á privacidade e confidencialidade. Para todo isto deben poder tomar libre e responsabelmente as súas decisións en materia de reprodu-

ción, o que implica ter garantidos os dereitos fundamentais á información baseada no coñecemento científico, á educación sexual integral e á atención á saúde sexual e reprodutiva.

Non colle dúbida de que o dereito ao acceso libre e responsábel aos medios anticonceptivos e á interrupción voluntaria do embarazo, que son parte fundamental dos dereitos reprodutivos, resultan indispensábeis para “separar” subxectivamente a sexualidade da procreación e, xa que logo, para permitir un maior disfrute sexual, ao excluír o risco de embarazo non desexado, mais debemos ter en conta que, por si sos, non garanten o pleno goce da sexualidade, suxeita a unha represión milenaria, especialmente no que se refire ás mulleres en particular e aos seres humanos explotados en xeral... e para explicar as claves do proceso de cambio pendente, cómpre analizar este aspecto algo máis polo miúdo.

Se consideramos, de acordo con Wilhelm Reich, que a liberación da tensión sexual a través do orgasmo produce pracer e satisfacción, mentres que o bloqueo desta liberación da tensión produce frustración crónica que, pola súa vez, ten repercusións para a saúde e o benestar físico e emocional, asemade de conducir a un estado de alienación que fai ás persoas susceptíbeis de seren dominadas e

sometidas<sup>6</sup>, podemos deducir sen dificultade que os dereitos sexuais teñen unha clara dimensión de xénero e de clase, por esta orde. De feito, a antropoloxía feminista sitúa a subordinación sexual das mulleres na orixe mesma do patriarcado (aproximadamente ano 3100 a.C.), no sentido de que a apropiación (polos homes) da capacidade sexual e reprodutiva das mulleres, foi anterior á propiedade privada e, xa que logo, á sociedade de clases. De feito, a propiedade privada baséase no uso da dita capacidade reprodutiva como mercancía<sup>7</sup>.

A partires desta situación orixinaria consolídanse os dous sistemas de explotación dos seres humanos: o patriarcado (primeiro) e a sociedade de clases (despois), e para poder perpetuar a dita explotación, o sistema conta coa axuda da relixión, que relega absolutamente as mulleres, especialmente no ámbito sexual e reprodutivo, e isto é especial-

3 ONU (1996), Informe de la Cuarta Conferencia Mundial sobre la Mujer. Beijing, 4 a 15 de septiembre de 1995, Nueva York, Naciones Unidas

4 International Planned Parenthood Federation (2008), Derechos sexuales. Una declaración de la IPPF, Londres, IPPF

5 OPS; OMS; WAS (2000), Promoción de la salud sexual. Recomendaciones para la acción. Actas, Antigua-Guatemala.

6 REICH, Wilhelm (1945), La revolución sexual, París, Editions Ruedo ibérico, 1970

7 LERNER, Gerda (1990), La creación del patriarcado, Barcelona, Crítica

mente evidente desde a aparición do monoteísmo hebreo, no que perden os poucos dereitos que tiñan recoñecidos nas relixións politeístas (sacerdotisas, mediadoras entre deuses e homes, custodias de certos saberes...) e, no que se refire á sexualidade, considérase un pecado grave, agás que se practique coa finalidade de procrear, o que implica a ausencia absoluta do recoñecemento de dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e a ausencia mesma do recoñecemento da súa sexualidade<sup>8</sup>.

Por outra parte, a continuidade desta situación ata o día de hoxe, pasa pola transmisión dunha serie de valores, correspondentes no noso caso á cultura xudeu-cristiá, que se internalizan no inconsciente individual e colectivo, en virtude da educación, e que configuran unha serie de imaxes ás que Carl Jung denomina arquetipos. Trátase de “modelos” de referencia que, de non ser imitados, sitúan as persoas en posición de pecado ou, en termos laicos,

de sentir culpabilidade, en calquera das súas manifestacións. Entre estes modelos está o de “muller boa” (asexual, nai abnegada, esposa sumisa, dependente, etc.)<sup>9</sup>.

Pola súa vez, o proceso de internalización dos valores ven reforzado cultural e socialmente por toda unha serie de representacións da “boa muller” (e tamén da “mala muller”) na literatura, no cine, na publicidade, nos medios de comunicación, na linguaxe, etc. É o que Pierre Bourdieu denomina “violencia simbólica”<sup>10</sup> e, malia que tenden a perpetuar a invisibilización e a subordinación das mulleres, son tan sutís que nin sequera se aprecian como tales expresións de violencia... e tan prexudiciais que nos impoñen unha determinada maneira de ver o mundo.

En suma, a secular subordinación sexual das mulleres está tan izada no inconsciente individual e colectivo, tanto das mulleres coma dos homes, que cómpre resolvela radicalmente; isto é, cambiando as estruturas mentais nas que fican ancorados os conxunto de valores asociados ao feito de ser “boa muller” (asexual, abnegada e sumisa), o que ven sendo o modelo de “revolución cultural” que propón Wilhelm Reich<sup>11</sup>, para resolver o sistema de explotación de clase e ao que indiscutiblemente cómpre incorporar o sistema de explotación patriarcal.

En definitiva, atendendo ás claves do proceso de construción da subordinación e represión sexual das mulleres, debemos ter en conta que para poder “atinxir o máis alto nivel de saúde sexual e reprodutiva, sen sufrir coaccións nin violencia”<sup>12</sup>, débense dar, alén do garante dos dereitos á anticoncepción e á interrupción do embarazo, as seguintes condicións:

Lexitimar e identificar os propios desexos (sexuais e reprodutivos) e ser quen de llos comunicar á/s outra/s persoas, coñecer e valorar o propio corpo como fonte de pracer, así como os xeitos de relación non coital e resolver os medos e os tabús que dificultan ou impiden a obtención do pracer.

Para conseguir todo isto é necesario, alén do dereito á información, aprender a valorarse e respectarse, e a valorar e respectar ás demais persoas, ter seguridade e confianza en si e nas demais per-

---

8 Ibidem

9 JUNG, Carl Gustav (1954), Arquetipos e inconsciente colectivo, Barcelona, Paidós Ibérica, 1998

10 BOURDIEU, Pierre (2000), La dominación masculina, Barcelona, Anagrama-Argumentos

11 Op.cit.

12 Conferencia de El Cairo, op.cit.





soas, excluír os medos asociados coa sexualidade e coa afectividade, contar con habilidades para comunicar coas demais, de xeito verbal e, sobre todo, non verbal...

Por último, as condicións necesarias daranse cando: desapareza a presión da igrexa, secularmente transmisora de tabús e medos; se habiliten as medi-

das oportunas para chegar á igualdade entre mulleres e homes; se establezan os plans de educación sexual e afectivo sexual necesarios; se creen os recursos preventivos e asistenciais necesarios e se garanta o acceso a eles das cidadás de todo o mundo, porque non podemos esquecer que non todas as mulleres teñen recoñecidos (e moito menos asumidos) os mesmos dereitos<sup>13</sup>. Mentres a pobreza estea feminizada, mentres a mortalidade materna e infantil atinxa taxas tan vergoñentas, mentres no “sur” e nas bolsas de pobre-

za do “norte” sexa unha constante a escravitude sexual... mentres todo isto continúe, non poderemos falar do cumprimento dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres... en fin, todo un proceso pendente!

13 Ferreiro Díaz, Lola (2010), “Unha introdución á loita polos dereitos reprodutivos”, en Varias Autoras, *O dereito a decidir. Situación actual e alternativas á despenalización do aborto*, A Coruña, Marcha Mundial de Mulleres e Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística.





Dándolle  
voltas

# Xénero, igualdade e (co)educación social na UDC: da optatividade á necesaria obrigatoriedade<sup>1</sup>

Levo trece anos comezando cada curso da mesma maneira: escoitando ó alumnao. Especialmente nesta materia, busco que (re)escoiten como é percibida a igualdade entre mulleres e homes na actualidade. As opinións espontáneas, non especialmente meditadas, ofrecen pistas sobre como e onde aprenden a construír o seu imaxinario a respecto desta temática.

As súas voces, os argumentos que constrúen para avaliar o que pensan, son por veces dubitativos, por veces contundentes e mesmo tamén ás veces apaixonados. Son un bo exemplo do que pensa o social amplo, das crenzas, valores e supostos básicos implícitos na vida cotiá; en definitiva, da diversidade de sentidos comúns sobre desta temática, polo que repararemos naqueles que aportan pistas sobre das razóns polas que este tipo de igualdade pertence aínda ó ámbito da utopía. Vallen os seguintes rexistros como exemplo:

- Descoñecemento do movemento feminista e percepción de desconfianza sobre a súa utilidade. Si, ano tras ano compro-

bo que o feminismo non ten boa sona: *Queren todo o mellor só para as mulleres. Desprezan ós homes. É o contrario de machismo...*

- Crenza xeneralizada de que os sexismos actuais son residuais e mesmo que se eliminarán a medida que a sociedade avance. Vulgan con contundencia como detestables os sexismos máis vexatorios, pero amosan certa complicidade compartida ante os máis sutís polo que o seu nivel de crítica é feble: *Non é para tanto. E que entónces hai sexismo en todas partes. Cada quen é como é, tampouco temos que ser clónicos...*

1.- A Facultade de Ciencias da Educación da UDC contemplaba no plan de estudos da diplomatura de Educación social -desde a súa creación no curso 1995-1996 ata o pasado 2.009-2010- a materia Xénero e Educación, ofertada como optativa e moitos anos tamén como de libre configuración. No primeiro curso do recén estreado título de Grao en Educación social (2009-2010) ofértase Xénero, Igualdade e Educación, como materia de rama e polo tanto de carácter obrigatorio.

## “Debedes aprender a usar a vosa experiencia da vida no voso traballo intelectual, examinándoa e interpretándoa sen cesar”

(C. Wright Mills, 1993: 207).

- Perciben as relacións persoais como neutras en canto ó xénero , diluíndo así a dimensión social: *Eu trato igual a todo o mundo. Eu non me paro a pensar se é home ou muller, a min dáme igual.*
- Cando se lles solicita participación, as estudantes toman a palabra facendo referencia ó traballo solicitado e piden máis asesoramento individual e en pequeno grupo; os estudantes toman antes a palabra, asumen máis protagonismo nos debates de gran grupo e son máis reacios a cambiar de opinión, mesmo cando xa non teñen argumentos para defender a súa: *Sí, pero eu sigo pensando igual, aínda que no sei como explicalo. Eso sempre foi así, e non vai a cambiar.*
- Afirman, con certa indignación que: *A violencia de xénero tamén a hai ó revés. Tamén os homes sofren violencia de xénero e desta non se fala porque se ve menos.*

Non pretendemos afirmar que todo o alumnado comparta as opinións seleccionadas como relevantes. Se quixeramos ser autocomplacientes e felicitarnos polo que levamos avanzado en relación a esta temática poderíamos facelo, recollendo tamén outras voces. Pero lonxe de ser este o noso propósito, buscamos sacar á luz aquelas raíces sexistas que seguen prendendo especialmente alí onde non parece necesario reflexionar: no dado por obvio, por dado, por comparado, por indiscutible.

Coincidimos con Paul Gee (2005, p.101), ó considerar un imperativo moral facer que estas opcións e supostos convencionalizados ou inconscientes sexan menos consuetudinarios dado que supoñen modelos culturais que, con certa facilidade, podan danar ás persoas.

As opinións rexistradas lémbrennos que na actualidade hai certa tendencia a dar por suposta a igualdade entre mulleres e homes. Pensar que na actualidade xa non existe desigualdade en función do sexo, explica parte de certas resistencias a querer abordar esta temática, e moito máis a considerala un asunto educativo prioritario. Este non facer nada “equivale a soster e reproducir un orden patriarcal, masculino, que agora xa non se atopa descarnado, senón que pretende representar tamén, incluíndoo, o femenino” (Nieves Blanco, 2001, p.14).

Superar esta cegueira de xénero require dunha proposta metodolóxica asentada na participación que, a través da discusión dirixida, asegure a conexión entre o marco teórico presentado e as experiencias vitais. A proposta de formación nesta materia sobrepasa así o ámbito académico e toca o persoal.

Empregamos dinámicas de grupo para potenciar o debate do que se propón como problema social. Antes de afondar sobre das temáticas escollidas, despregamos estratexias de aprendizaxe cooperativa, analizando material gráfico e/ou escrito: prensa, cómics, viñetas e mesmo bromas sobre dos asuntos propostos o que provoca interesantes e intensos debates en grupo favorecendo o contraste de opinións e a súa posta en común.

Por veces o aire é incómodo, créase un clima de desasosego, pois as opinións parecen peliscar os sentimentos. Non é doado escoitar e escoitar(se), pero é necesario porque “non hai práctica educativa fóra da experiencia de coñecer o que tecnicamente chamamos experiencia gnoseolóxica, que é a experiencia do pro-

ceso de produción do coñecemento en si; non hai práctica educativa que non sexa política; non hai práctica educativa que non estea envolta en soños; non hai práctica educativa que non implique valores, proxectos, utopías” (Paulo Freire, 2006, p.43).

Inspirándonos no pedagogo fuximos da práctica bancaria da educación, e pretendemos inspirarnos na práctica problematizadora, dialóxica por excelencia, onde os contidos se organizan e se constitúen na visión do mundo das participantes, na que se atopan os “temas xeneradores” (Paulo Freire, 2000, p.136). Así, seleccionamos temas que, a modo de paraugas conceptuais, aseguren a conexión cos ámbitos profesionais da educación social.

En todo caso, na materia propoñese creio, teorizar, no sentido de cuestionar o que tantas veces damos por suposto, rompendo a falsa dicotomía entre “experiencia” e “teoría”, abordando teoricamente como extraordinario as normas culturais que, ligadas ó xénero, condiciona as relacións, as formas de estar no mundo por

ser muller ou ser home. Propoñemos dicir(nos) a verdade, para o que se necesita grandes doses de coñecementos, valentía, decisión e xenerosidade; tamén querer escoitar(se), relatar verdades incómodas; e aprender as competencias necesarios para deseñar propostas educadoras que diminúan as desigualdades presentes nos diferentes ámbitos sociais.

### O enfoque crítico ou cómo superar a Cegueira de xénero

“Abandonar o terreo das ideas recibidas require un esforzo, e ademais pode ser entendido como unha provocación (Dolores Juliano, 2006, p.10).”

Como vimos de defender, e aínda asumindo que, en ocasións, os modelos críticos universitarios deixan pouco espazo para poñer de manifesto as contradicións, as incertezas, a variabilidade contextual das experiencias, defendemos que estas poden ampliar as teorías críticas, e deben ser tidas en conta para a construción de novos saberes.

Adoptamos o método de reflexión característico do enfoque crítico que “trata de educar ós profesionais promovendo o coñecemento

de si mesmos, co fin de explorar a irracionalidade das súas crenzas e prácticas de sentido común e localizar a orixe desta irracionalidade no contexto institucionalizado e nas formas de vida social das que teñen xurdido” (Wilfred Carr, 2002, p.75).

Necesitamos que tomen conciencia de que a nosa cultura é problemática a respecto do xénero, ó tratarse dun conflito aínda mal resolto, e a pesar de que non corren bos tempos para o pensamento, para a disidencia e, por ende, para a crítica, o alumnado de educación social parece ir en contra: intúo que responde ó meu convite: quere pensar, quere aprender, quere saber.

Empezamos pois apelando á teoría feminista, teoría crítica reflexiva por definición, necesariamente nuclear en todo proxecto de transformación social que busque un novo orde social situando a igualdade no seu centro e que nos proporcionará recursos para identificar e desafiar os mecanismos a través dos que se cosen os distintos traxes sexistas.

O alumnado vai cambiando, paseniño, acoden cada vez máis ós textos para avalar as opinións, mesmo para indignarse. O feminismo empeza a aparecer como concepto chave para explicar(se) enténdoo como “aquela tradición política da modernidade, igualitaria e democrática, que mantén que ningún individuo da especie humana debe ser excluído de calquera ben e de ningún dereito a causa do seu sexo (...) Feminismo é pensar normativamente como si o sexo non existira ou non fora relevante...pero necesítase porque *si* existe, *si* é normativo e ademais sempre é parcial e sempre da mesma maneira: en contra das oportunidades das mulleres e os seus dereitos”(Amelia Valcárcel, 2009, p.214).

Sérvense dos seus potentes argumentos, para descubrir como a división da sociedade en dous espazos é un dos factores que garante a persistencia do mantemento do orde patriarcal. Como brillantemente explica Janet Saltzman (1992), as diferentes culturas teñen elaborado unhas definicións moi claras acerca das persoas dun e de outro sexo; o que son e o que deben facer, qué condutas se esperan destes sexos e cáles lles está vedadas; co agravante de que, en todas partes e na maioría abrumadora das culturas coñecidas, as mulleres somos consideradas dalgunha maneira ou nalgún grao, inferiores ós homes.

Cada cultura fai esta avaliación nos seus propios termos, á vez que xera os mecanismos e as xustificacións necesarias para o seu mantemento e reprodución, pero o principal

argumento utilizado historicamente para a opresión das mulleres é o seu carácter natural: “de tódalas opresións que teñen existido no pasado e existen no presente, ningunha delas tivo a marca da natureza como tivo e ten a das mulleres” sendo precisamente as construcións sociais lexitimadas na súa orixe natural as máis difíciles de desmontar con argumentos racionais, dado que arrastran o prexuízo de formar parte dun ‘orde natural das cousas’ fixo e inmutable sobre o que nada pode facerse (Rosa Cobo, 2006, p.45).

Tomando moi en serio esta universalización da subordinación feminina, sabendo que tal desvantaxe non reside nas mulleres, senón nas relacións sociais que mediatizan as oportunidades, do pensamento das diferentes autoras van ampliando o seu enfoque e colocando a igualdade entre mulleres e homes como condición prioritaria para o desenvolvemento profesional.

Antes de traballar os textos non parecían ter conciencia da dimensión estrutural das condutas, obviando as relacións de poder que secularmente tanto ten encorsetado os modos de vida das persoas. Como explica M<sup>a</sup> Jesús Izquierdo (2006, p.170): “A negación do poder comporta, que as relacións no recinto “privatizado” non son relacións entre iguais, senón relacións de poder, e comporta, ademais, ter o poder de negar que as relacións home-muller son relacións sociais e non “persoais” , se é que hai algo que se poida definir como estritamente persoal”.

Pero introducir a perspectiva feminista na vida diaria, no ámbito profesional ou no doméstico, non é doado, obriga a buscar espazos e tempos para a formación, a reflexión, o debate e a innovación. Asemade, non é esta unha temática cómoda, lúdica, para a diversión ou o esparcemento. Incomoda, porque lonxe de producir asepsia, toca os modos de ser e de relacionármonos co mundo. Toca a biografía persoal: que ten tanto de sociocultural!

A educación social, que historicamente ten descansado sobre ese estatuto contradictorio de promover cambios pero non sem-

pre alterando o orde, debe optar neste tema por facer de "pepito grillo" das inxustizas, e apostar por un cambio radical, isto é, sacando as raíces do problema.

“**Detrás de comportamentos que consideramos normais, subxace unha estrutura de poder que acaba condicionando as formas de estar no mundo das persoas segundo sexan homes ou mulleres**”

(Marina Subirats e AmparoTomé, 2007, p.113).

### A igualdade no marco da educación universitaria.

Dado que as prácticas educadoras -invariablemente transmisoras de normas, principios, valores e regras- tamén de enculturación: “os cidadáns non nacen como tales, senón que se fan a través da cultura” (José Gimeno, 2001, p.163) someteremos a escrutinio crítico á educación que, ademais de reproducir a cultura, pode posibilitar que as persoas se distancien dela, podan pensala, interrogala e, por suposto, melloralas.

A educación social, particularmente, debe contribuír a crear as condicións para que as redes das que forma parte, opten por interrogar os xéneros contribuíndo así a desmontar os mandatos específicos que se supón deben cumprir as persoas en razón do seu sexo, pois ó ser interiorizados desde a infancia, estes mandatos pasan a formar parte da personalidade, dos gustos e

desexos, das capacidades e expectativas, e tamén dos temores, pois “a sociedade castiga duramente ás persoas que non actúan acorde a estes mandatos tan potentes” (Marina Subirats, 2008, p.315).

Incorporar á educación social o paradigma feminista, significa asegurar que a sociedade, a través das súas institucións, da súa cidadanía, cumpra coa función educadora sendo capaz de promover persoas críticas, autónomas, con confianza individual e mutua para mellorar os contextos vitais; significa promover o debate público para detectar e combater as inxustizas; significa traballar na construción de cidades educadoras e, por ende existe situar no corazón das nosas propostas a coeducación, por ser ingrediente indispensable dunha sociedade multicultural integradora, inclusiva.

Facer coeducación implica buscar a igualdade para os persoas, non só de oportunidades, senón tamén de trato e de logro. Coeducar hoxe, afirma Pilar Ballarín “significa buscar novas vías de intervención educativa para desenvolver relacións de xénero máis igualitarias, corrigir os novos desaxustes que se están producindo e que son produto da convivencia de modelos de xénero anacrónicos cos novos modelos máis igualitarios” (Pilar Ballarín, 2006, p.61).

Nesta tarefa a formación universitaria debe ocuparse de garantir a aprendizaxe das competencias básicas que posibilite o desenvolvemento da igualdade entre mulleres e homes en tódolos ámbitos sociais. A construción do modelo europeo contempla como prioritario o principio de igualdade entre homes e mulleres, como a mellor prevención da violencia. A igualdade, aparece tamén recollida como dereito fundamental no art. 14 da Constitución, constitúese no eixo vertebrador das diversas Leis de Igualdade autonómicas e nacional, ás que se engaden outro tipo de iniciativas pro-



mulgadas desde a actual política governamental.

Afondando no marco legislativo actual, é de lembrar que a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, esixe no artigo 25 que no ámbito da educación superior se promocióne a inclusión nos planos de estudos de ensinanzas en materia de igualdade entre homes e mulleres, así como a creación de posgraos específicos e a realización de investigacións sobre a materia.

Especialmente significativa para o tema que nos ocupa é a Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero de 29 de decembro, ó recoller, na súa exposición de motivos (apartado III), a importancia do ámbito educativo, especificando as obrigas do sistema para a transmisión de valores de respecto á dignidade das mulleres e á igualdade entre homes e mulleres e contemplar, para a Educación Secundaria, a incorporación da educación sobre igualdade entre homes e mulleres e contra a violencia de xénero como contido curricular, incorporando en tódolos Consellos Escolares un novo membro que impulse medidas educativas a



favor da igualdade e contra a violencia sobre a muller. Asemade, no seu Título I, capítulo I, art. 4.7 establece: “As Universidades incluírán e fomentarán en tódolos ámbitos académicos a formación, docencia e investigación en igualdade de xénero e non discriminación de forma transversal”.

A tenor deste breve resumo normativo despréndese que, entre outros retos, a Universidade debe garantir a inclusión de materias troncais e obrigatorias adaptadas ás diferentes titulacións universitarias co obxecto de introducir as aportacións dos estudos feministas nas distintas disciplinas, tendo en conta as que xa se imparten desde hai anos como "asignaturas optativas" ou de "libre elección"<sup>2</sup>.

Neste contexto e colocando a coeducación como principio inherente a todo proxecto de acción socioeducativa -e non só dos derivados especificamente das políticas de igualdade- no plan de estudos de educación social da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, como xa apuntamos, optouse por transformar a materia Xénero e educación, ofertada como optativa nos 13 anos da Diplomatura; en Xénero Igualdade e Educación, de carácter obrigatorio no recén estreado Grao en educación social.

Como recolle a Declaración de Bolonia, a universidade é un compoñente indispensable no proxecto da Europa unida na construción dunha nova cidadanía europea, que deberá ser “capaz de dotar a súa cidadanía das competencias necesarias para afrontar os retos do novo milenio, xunto cunha conciencia de compartición de valores e pertinencia a un espazo social e cultural común”<sup>3</sup>.

Unha sociedade democrática e cada vez máis multicultural esixe, tamén da educación social, agudizar a mirada para detectar os elementos culturais que puideran ser discriminatorios para algún grupo social en particular, analizar os cambios e resistencias e contribuír a transformar as institucións, programas ou servizos sociais no que poidan ter de inxusto ou discriminatorio.


Como sinala Amelia Valcárcel (2002, p.93) a educación está vinculada á igualdade como a democracia á educación. Pero a pesares do recoñecemento da imposibilidade dunha educación de calidade sen igualdade moitos proxectos seguen a obviar a desigualdade de xénero tanto no deseño, como no desenvolvemento e mesmo na avaliación.

Desafiar a desigualdade en función do xénero require de educadoras e educadores sociais que impulsen accións abertamente antisexistas; profesionais que cuestionen as xerarquías sociais e deseñen e desenvolvan proxectos que contribúan a globalizar un orde social comprometido en garantir a igualdade entre mulleres e homes e, por ende, unha sociedade do século XXI máis democrática, inclusiva e máis xusta.

---

2.- Como se recolle na Declaración pola integración do estudo das mulleres, feministas e de xénero no espazo europeo de educación superior: sobre da evolución e solidez deste tipo de Estudos nas Universidades do Estado Español nas últimas décadas dan boa conta o incremento da presenza destes estudos nos curricula universitarios, a través de materias optativas, de libre elección e a través dos Programas de Doutoramento.

3.- Declaración conxunta dos Ministros Europeos de Educación reunidos en Bolonia o 19 de Xuño de 1999.



## Bibliografía

*BALLARÍN, Pilar (2006): "La coeducación y su impacto en el contexto escolar", En Educar.Coeducación. Revista de Educación, Jalisco: Secretaría de Educación.*

*BLANCO, Nieves (coord.) (2001): Educar en femenino y en masculino. Madrid: Akal.*

*CARR, Wilfred (2002): Una teoría para la educación. Hacia una investigación educativa crítica. Madrid: Morata. 3º ed.*

*COBO, Rosa (2006): "El género en las ciencias sociales" En Revista de educación. Educar. Jalisco: Secretaría de educación.*

*FREIRE, Paulo (2000): Pedagogía del oprimido. Siglo XXI. 15ª edición*

*FREIRE, Paulo (2006): El grito manso. Siglo XXI.*

*GEE, James Paul(2005): La ideología de los discursos. Morata.*

*GIMENO SACRISTÁN, José (2003): El alumno como invención. Madrid: Morata.*

*HEALY, Karen (2001): Trabajo social: Perspectivas contemporáneas. Madrid: Morata.*

A través deste artigo pretendo facer unha reflexión sobre o meu exercicio profesional como educadora social a partir da introdución da perspectiva de xénero na miña intervención socioeducativa.

Hei de comezar dicindo, que a perspectiva de xénero supuxo un cambio máis amplo e profundo, non soamente na práctica profesional, senón tamén na visión da realidade social e persoal.

A introdución da perspectiva de xénero permítenos desentrañar as relacións entre homes e mulleres e como consecuencia dar unha nova visión de cal é a realidade na que nos movemos, o que provoca unha reformulación do coñecemento, así como da práctica social e política.

Creo que é necesaria a incorporación desta perspectiva se aspiramos a alcanzar unha igualdade real mediante procesos de educación en igualdade.

Ademais, como exemplo expoñerei un dos proxectos que desenvolvemos dentro do Programa de Infancia e Familia, do Servizo Social de Base; trátase do Pacto Local pola conciliación persoal, familiar e laboral no noso municipio.

# A Educación na igualdade, dende a práctica laboral e profesional



**Mariola Artuch Aguirre.**

Educadora Social.

Servizo Social de Base Zona Básica Orkoien, (Navarra).

## O xénero como eixe estruturador das desigualdades sociais.

Estudamos, na etapa académica, que a división dos membros dunha sociedade segundo o parámetro do normal/anormal con diferente tratamento e a asignación dos individuos a un ou outro grupo, ten a súa orixe en parte, na práctica medieval de asignar relacións fixadas no status. Esta forma de división foi e segue sendo de grande importancia en relación a vulgar a capacidade ou competencia de determinadas persoas, súmase a isto a asignación de dereitos e deberes e a responsabilidade dos seus actos. Se os nosos parámetros do masculino e feminino están cimentados nos estereotipos do xénero, dende un punto de vista androcéntrico, isto é, a muller

como coidadora, especialista no ámbito privado e familiar e o home como traballador independente, experto no ámbito público e social, todo iso nos vai influír á hora de abordar o noso traballo técnico con homes e mulleres, nenos e nenas e seguiremos construíndo desigualdade.

Neste contexto xurdiu a Teoría Feminista da Igualdade que ten as súas raíces nos movementos ilustrados e que como teoría crítica, aposta polo feminismo entendido como un movemento social que loita pola transformación da realidade a través de actuacións que potencien a participación equitativa de ambos os dous sexos en todas as esferas da vida pública e privada.



Se ben a igualdade entre mulleres e homes está formalmente recoñecida no noso ordenamento xurídico, aínda existen moitas formas de discriminación que requiren que modifiquemos aquelas prácticas sociais que impiden que poidamos falar de igualdade real da cidadanía. A consecución da devandita igualdade real é sen dúbida unha das claves do desenvolvemento e a cohesión social. A súa promoción beneficia tanto ás mulleres coma aos homes.

### O xénero como perspectiva de análise.

A maioría dos problemas sociais cos que adoitamos traballar como educadores ou educadoras sociais teñen, en realidade, un forte compoñente de xénero pero, en cambio, non se considera dende esta perspectiva.

Cando falo de incorporar a perspectiva de xénero na análise social non estou a reclamar simplemente visibilizar as mulleres. Unha perspectiva de xénero vai máis alá dos estudos de mulleres. Debemos ter en conta que o xénero é unha variable central para determinar qué denominamos problemas sociais, e as súas repercusións diferenciais tanto para homes coma para mulleres. "A invisibilidade das mulleres nas ciencias sociais formulouse con frecuencia dende unha pers-

pectiva esencialista do xénero segundo a que as mulleres aparecen como suxeitos pasivos nunha sociedade patriarcal na que os homes ocupan sempre os espazos de protagonismo e de dominación" (Berga, 2005)

Juliano formula que é necesario revalorizar e dar voz ás mulleres dos sectores populares, dando a coñecer as súas estratexias de resistencia á dominación masculina. A autora baséase no exemplo das traballadoras do sexo e das mulleres inmigradas para formular unha interesante reflexión para os e as profesionais: a importancia do respecto á outra persoa e evitar caer no paternalismo e a excesiva victimización dos colectivos. (Juliano, 2004)

Na miña opinión visibilizar ás mulleres supón avanzar máis, debe ir acompañado dun plantexamento pedagóxico que lles outorgue un protagonismo real. Moitos dos estudos e intervencións sociais que quixeron traballar de forma específica co colectivo feminino fixérono dende unha perspectiva victimizadora.

Unha transformación de rol feminino tradicional, terá, necesariamente, consecuencias na definición da masculinidade. Aínda que isto se faga de forma simultánea non se nos deben esquecer os homes como obxecto da nosa intervención nese proceso de transformación, para que esta se faga sen aumentar o grao de violencia na relación entre ambos os dous sexos. Creo que se veu realizando un importante traballo coas mulleres, o movemento feminista alcanzou logros difíciles de imaxinar hai un século.

Pero honestamente, penso que é imposible lograr maiores cotas de igualdade na nosa sociedade se seguimos traballando coa metade da poboación, esquecéndonos ese outro 50% que son os homes.

Como vemos, nesta profesión, é moi importante coñecer cales son as bases teóricas e científicas dos nosos conceptos de cultura, de análise do normal e anormal



e de igualdade. É necesario recoñecer as vantaxes dun enfoque á vez antropolóxico e feminista para calquera estudo dos devanditos conceptos. Tamén debemos recoñecer, a contribución feminista ao debate social, político, familiar, educativo etc. e todas as súas grandes formulacións de cara a visibilizar, cuestionar e transformar a sociedade e a cultura.

### A Intervención Comunitaria

A través do proceso de socialización interiorizamos e aprendemos a comportarnos, as normas e os valores axeitados ao noso sexo/xénero. Na familia, na escola, ludotecas, publicidade etc. aprendemos os valores e formas de comportamento de varóns e mulleres.

Neste campo a Intervención comunitaria é entendida como un método de Intervención

Social que, coa participación activa da comunidade, busca manter, mellorar e no seu caso modificar unha realidade social dende calquera dos programas básicos que desenvolven os Servizos Sociais de Base. Así pois, pretende traballar sobre o ámbito para producir cambios que favorezan a inserción social e a capacitación, que melloren o grao de autonomía das persoas, familias... pero tamén das entidades e dos grupos que comparten un mesmo territorio.

Os primeiros programas de intervención comunitaria que deseñabamos, nos anos 80-90, estaban dirixidos a mulleres (cursos de desenvolvemento persoal, autoestima, orientación e capacitación laboral), nestes non se tiña en conta a implicación e atención aos homes. Estabamos somerxidas /vos nunha liña de traballo dirixida á atención á muller, en tanto que grupo especialmente vulnerable a determinadas problemáticas asociadas ao seu xénero, ás veces cha-

mado problema social.

No caso dos destinados para xuventude ou infancia, tanto no seu deseño coma na súa avaliación obviabamos que a poboación diana estaba composta por, nenos e nenas, diferenciados e con realidades e condicionamentos substancialmente diversos.

Para nada incluíamos a perspectiva de xénero á hora de recoller datos, analizar as necesidades, realizar as avaliacións. Nos programas de emprego social non ofertabamos medidas de conciliación da vida familiar aos varóns.

Debemos ter en conta que nos formáramos persoal e profesionalmente, educado e convivido, nunha sociedade patriarcal. Este modelo de sociedade xera desigualdades entre persoas en función do seu sexo, asignándolles uns roles predefinidos. Necesitabamos un cambio de perspectiva que permitise visibilizar realidades que non se detectaban como tales. A introdución da perspectiva de xénero permitiu modificar substancialmente a forma de interpretar e tratar as problemáticas que xa existían.

# 1º Pacto local pola conciliación de Orkoien

A iniciativa deste proxecto xorde no ano 2008. Por un lado, distintas entidades, (colexios, ludoteca, servizo social, Concellaría de deporte e cultura, Apyma, asociación de mulleres, asociacións xuvenís etc.) dirixímonos a un mesmo público nas nosas actuacións sen coordinarnos. Por outro, xurdiu a convocatoria de subvencións dende a Consellería de Benestar Social para financiar medidas de conciliación. Ademais, dende o Concello brindóuseme a oportunidade de formarme nun módulo de especialización en xénero. E por último a demanda de persoas con dificultades para a inserción laboral no noso servizo aumentara considerablemente.

## Descrición do proxecto.

O proxecto está localizado no municipio navarro de Orkoien. Esta localidade conta cunha poboación de 3.560 habitantes dos cales 51% son homes e 48% mulleres. Esta impulsado polo Concello

a través do Servizo Social de Base e nel están implicadas 17 entidades do municipio: Apymas, Escola, Ludoteca, sindicatos, partidos políticos, club xubilados, asociacións, centros deportivos, empresas, etc.

Durante o último trimestre do 2008, 17 entidades que están directamente relacionadas coa vida cotiá de Orkoien formáronse en temas de sexo/xénero para a elaboración do 1º Pacto pola Conciliación.

O intenso traballo realizado deu os seus froitos coa firma do devandito pacto o 25 de febreiro de 2009 cunha vixencia de 3 anos. Unha das conclusións do grupo foi a constatación da necesidade de formación e sensibilización que todas as persoas necesitamos en torno ao tema da conciliación da vida persoal, familiar e laboral. O grupo participante sentiuse enriquecido, reformulou actitudes, tanto a nivel persoal, coma na súa institución, e é por iso, polo que centra o seu proxecto de traballo, en formar o maior número de persoas como oportunidade para reformularse os seus valores cara á corresponsabilidade, avanzaremos un paso máis pola Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en Orkoien.

Este proxecto ten como finalidade saír á rúa, entrar nos domicilios e nas asociacións deste pobo poñendo

atención á corresponsabilidade de todas as persoas respecto aos coidados ás persoas provocando o cambio.

## Xustificación e obxectivos

A Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes é un principio xeral - ético, filosófico, xurídico e político-fundamental nas nosas sociedades, cuxo cumprimento conduce a garantir unha participación equilibrada de mulleres e homes en todas as esferas da vida (tanto pública coma privada).

As institucións e os axentes económicos e sociais promoven accións para tratar de resolver as situacións de desigualdade existentes entre mulleres e homes. Existen estratexias a longo prazo, que promoven cambios estruturais, e estratexias a medio e curto prazo, que tratan de responder ás necesidades cotiás das persoas e abordar as dificultades que xorden dunhas relacións de xénero non equitativas.

A vida económica e, en particular, o mundo laboral, é un dos ámbitos fundamentais da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Nas nosas sociedades, a desigual repartición entre os xéneros das responsabilidades familiares e domésticas constitúe un dos principais obstáculos á participación plena das mulleres no mercado laboral, así

como á súa permanencia e promoción dentro deste, ao tempo que consagra a división sexual do traballo e a segregación de mulleres e homes nas esferas pública e privada. A conciliación da vida persoal, familiar e laboral constitúe unha problemática complexa e conflitiva para unha parte da cidadanía, as mulleres, que viven en primeira persoa este conflito, pero tamén para os varóns, as familias, os municipios, as empresas, o mercado laboral e a sociedade en xeral.

Por iso, cremos que é necesario facilitar a mulleres e homes a devandita conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral a través da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoién ás familias na atención ás persoas dependentes e o fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas. Pero sobre todo, consideramos que hai que impulsar un cambio de mentalidade dirixido a equilibrar a reparti-

ción de responsabilidades e tarefas no ámbito doméstico e familiar e un uso máis equitativo do tempo.

É importante que entre todas e todos tratemos de superar a idea de que a conciliación é froito dun conflito que afecta especial e especificamente ás mulleres. Propoñémonos impulsar o desenvolvemento da ética do coidado, como un elemento clave da promoción da igualdade de oportunidades e, en particular, como ferramenta para facilitar a conciliación; formulamos o coidado no ámbito doméstico e a atención ás persoas dependentes na familia e na comunidade como un valor fundamental a asumir por mulleres e homes de forma equivalente, que contribuirá ao benestar e á mellora da calidade de vida da cidadanía.

O ámbito local de Orkoien, pola súa proximidade á vida da cidadanía, é un marco idóneo para a promoción e xestión de recursos e servizos para a conciliación, así como para o fomento da ética do coidado. Facilitar a conciliación dende o ámbito local supón contar coa implicación e participación da cidadanía en todas as fases do proceso de establecemento de recursos e servizos para a conciliación, dende o seu deseño e organización ata a súa xestión e utilización. Supón implicar as organizacións locais (asociacións, clubs, empresas, cooperativas, servizos municipais, servizos educativos e de saúde, etc.) no desenvolvemento de novas formas de traballar que promovan a ética do

coidado. Tamén significa promover un proceso cidadán de debate e de cuestionamento de actitudes e posicionamentos conducente a un maior equilibrio na asunción da repartición do coidado para facilitar a conciliación.

En Orkoien propuxémonos un PACTO LOCAL entre entidades e axentes que operan no noso ámbito local como unha expresión da vontade e o compromiso activo e participativo de traballar conxuntamente por estes obxectivos orientados a facilitar ás cidadás e aos cidadáns da localidade a conciliación da súa vida persoal, familiar e profesional. Trátase, a través do pacto, de establecer novas relacións entre os xéneros, implicando mulleres e homes no compromiso de participar activa e responsablemente tanto na vida privada coma na pública.

### Obxectivo xeral

Facer que en Orkoien se materialice un referente en materia de conciliación da vida persoal e profesional no ámbito local, conseguindo que as mulleres e os homes do municipio dispoñamos duns servizos públicos e privados de calidade e realicemos un uso responsable destes, á vez que incorporamos a corresponsabilidade e damos valor ao coidado como elementos fundamentais para alcanzar un maior benestar e unha vida mellor e sentar as bases para un futuro en igualdade e un uso equitativo do tempo.



### Obxectivos específicos

- Sensibilizar a poboación de Orkoien sobre a importancia de repartir equitativamente entre homes e mulleres o traballo doméstico e os coidados de persoas dependentes para facilitar estratexias de conciliación da vida persoal e a profesional.
- Mover o foco. Cambiar a nosa mirada cara aos homes en canto ao traballo pola igualdade, sen deixar por iso, de traballar coas mulleres.
- Promover espazos de debate e sensibilización.
- Promover accións de formación para o persoal das entidades asinantes do Pacto.
- Fomentar medidas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar no marco do Concello e dos servizos municipais no marco de funcionamento do conxunto de entidades participantes.
- Promover a participación das empresas participantes en accións vinculadas á conciliación. Visibilizar

as medidas que aplican estas en materia de conciliación.

- Reorganizar, adaptar e crear servizos de atención a persoas dependentes que faciliten a conciliación da vida persoal, laboral e familiar da cidadanía

### Metodoloxía

¿cómo o facemos?

- Aproveitando os recursos de cada entidade.
- Reformulando as nosas formas de actuar.
- Traballando en subcomisións

A metodoloxía utilizada foi crear un "Grupo motor" ou Comisión plenaria onde están representadas 17 entidades. Para a captación das entidades non houbo moitas dificultades. A través dunha carta de convite a unha reunión obtivemos a resposta de 17. O devandito grupo é o que segue formando e programa as actividades anuais do pacto e xestiona o seu presuposto cunha periodicidade de reunións trimestral.

A través de subcomisións formadas por centros de interese execútanse as actividades programadas. Estas son:

- Subcomisión Difusión do pacto entidades integrantes: Servizo municipal de Cultura, concellaría igualdade, CC.OO, centro de atención á muller Argía.: encargada de difundir o pacto (reparto de

mandís, concurso de fotografías etc.)

- Subcomisión de emprego: entidades integrantes: Local xuvenil, SSB, CCOO, LAB, club de xubilados (visita a empresas do polígono industrial para facer un diagnóstico sobre medidas de conciliación, feira de emprego etc.)

■ Subcomisión de formación: Colexio, Apymas, SSB, Escola infantil: Organiza as escola de pais e nais.

### Actividades

- Elaboración do contrato do bo trato para entregar ás Parellas que casen ou se rexistren no Concello.
- Deseño e repartición de mandís na comida popular dentro das Festas da localidade.
- Concurso e exposición de fotografías sobre os coidados.
- Obradoiro de coeducación e sexualidade co alumnado de 6º de primaria.
- Obradoiro de cociña para mozos.
- As escolas de pais e nais como educadores sen roles de xénero.
- Deseño e distribución do calendario.
- Adecuación do servizo de preparación ao parto para pais.
- Adhesivos co noso lema "Eu concilio"



## VALORACION

- A primeira actividade custou máis organizala, non existían as subcomisións de traballo.
- Na rúa e patio escolar fálese do Pacto pola Conciliación.
- Satisfacción no grupo motor (Comisión do Pacto) e gañas de seguir traballando.
- Os/as protagonistas do programa son a cidadanía e as persoas da Comisión.
- En 2011 queremos levar a mensaxe "Eu concilio" ás empresas e aos seus comités.

## CONCLUSIÓNS

- Unha perspectiva de xénero na acción social pode ser unha nova mirada, con frecuencia reveladora, ao noso papel como profesionais, sexa cal sexa o ámbito no que traballamos.
- O xénero é unha experiencia estruturante do mundo e é tamén unha categoría de análise que permite descubrir as diferenzas construídas socialmente entre homes e mulleres.
- Como dicía Enrique Martínez, 2005 nunha entrevista, eu tamén convido aos e ás estu-



dantes, e profesionais a que se poñan a profesión como se pon unha chaqueta, que abriga e embelece, pero que necesita debaixo unha "percha" unha persoa, de calidade e con perspectiva de xénero.

- As desigualdades sociais non só veñen dende o exterior senón que unha mesma as exerce inconscientemente, se non analiza a súa realidade dende unha perspectiva de xénero.
- Debemos coñecer a cantidade e a calidade de saber científico que acumula a Teoría Feminista que o seu silenciamento xera empobrecemento. Reflexionar dende o feminismo leva a cambios e os cambios producen medos, ademais isto supón reinventarse como persoa, mais opino que paga a pena.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BERGA, A. (2005). "La perspectiva de género: Una nueva mirada a la realidad social.". *Educación Social*, nº 31: 15-23.

IZQUIERDO, M. J. (2007). El Concepto de género. Conferencia impartida el 12/11/07 *Universidad Pública de Navarra UPNA. Pamplona.*

JULIANO, D. (2004). Excluidos y marginales. Una aproximación antropológica. *Madrid: Cátedra.*

GOBIERNO DE NAVARRA (2006) I PLAN DE IGUALDAD DE OPORTUNIDADES PARA MUJERES Y HOMBRES DE LA COMUNIDAD FORAL DE NAVARRA (2006-2010)

DOCUMENTO: I PACTO LOCAL POR LA CONCILIACIÓN DE ORKOIEN. *Ayuntamiento de Orkoien (2009)*

MARTINEZ, E (2005). Entrevista. *Educación Social*, nº 31.

INSTITUTO DE LA MUJER (2001) Guía de buenas prácticas para conciliar la vida familiar y profesional. *Ministerio de Asuntos Sociales. Madrid.*

TRAVESIAS POR LA IGUALDAD(2006). "Guía Pactos locales por la conciliación". *Instituto Navarro para la Igualdad.*

O ano pasado cursei primeiro no Grao de Educación Social na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña. Invítaseme agora a pensar sobre a materia Xénero, igualdade e educación.

**Ana Lampón Gude**  
Estudiante de Educación Social.  
Universidade de A Coruña.

## Xénero, igualdade e educación: prexuízos fora!

---

Son moitas as lecturas traballadas, os debates e mesmo as actividades realizadas, e seleccionar o máis relevante é difícil. Escollerei tres temas (*feminismo, maternidade e linguaxe*) que penso exemplifican cómo os novos coñecementos poden contribuir a modificar esquemas previos, aprendizaxes que se deran por normais durante tempo.

O primeiro día, cando Ana estaba explicando a Guía docente, ó rematar o con-

tido que traballariamos no primeiro Núcleo temático, parou de falar, mirounos e preguntou:

- *por certo...algunha persoa ... alguén de vós se considera feminista?*

A verdade é que case ninguén levantou a man nese momento, houbo murmurios entre as compañeiras e compañeiros sobre este asunto. Non nos poñiamos de acordo. Entón Ana convidou, neste caso, ás persoas que levantaran a man, a explicar ó resto da clase o que entendían por ser feminista ou o que entendían por feminismo. A cousa intentouse malia que o certo foi que realmente non

sabiamos o significado que comprendía esa palabra tan polémica e desconcertante para nós "Feminismo". Case todo o mundo supuxemos naquel intre que o feminismo era o machismo á inversa, outro xeito de discriminación cara o outro sexo. Pensabamos que as persoas feministas partían dende a idea de superioridade e supremacía das mulleres sobre dos homes levándoas á radicalidade. Entendíámolo como unha loita de homes contra mulleres e de mulleres contra homes polo simple feito de pertencer a distintos sexos... Deixamos o debate con esta diversidade e disparidade de opinións, ás veces mesmo con certo enfado. Agora lembro cómo fomos cambiando a

medida que traballamos as lecturas e buscabamos argumentos para soste-los debates.

Esa foi a primeira mostra dalgúns dos prexuízos que tiñamos sobre a maioría dos temas que abordariamos nesta materia, e penso que o máis importante que aprendemos con ela foi a de sentir como importante, como prioritario para a educación, cuestionar todo o que xere discriminación e desigualdade, eliminar todo o que alimenta os prexuízos, a botar fóra de nós a ousadía da ignorancia, querer saber.

Para empezar o segundo Núcleo temático propónsenos un texto de Elisabeth Badinter; foi sobre a existencia ou non existencia do instinto maternal. Nos primeiros momentos, a clase estaba dividida entre as persoas que opinaban que a maternidade é innata ás mulleres, que forma parte delas, e entre as persoas que opinaban que non é un instinto porque non tódalas mulleres teñen desexos de ser nais. A verdade é que foi un tema

no que tardamos moito en poñernos de acordo. Algunhas das razóns que se deron a favor da existencia do instinto maternal foron:

- as mulleres teñen a capacidade natural de dar vida e iso as fai máis felices; que ser nai é o propio das mulleres porque senón non se poderían sentir plenas ou realizadas totalmente;
- as mulleres son máis sensibles que os varóns e por iso gozan dese instinto natural de querer ter fillos/as;
- as mulleres necesitan manifestar a súa capacidade reprodutora a través da descendencia; e un longo etc.

Nembargante, as razóns que se deron por parte das persoas que defendían que a maternidade non é un instinto senón unha opción persoal de cada quen, foron:

- se o instinto maternal viñese predeterminado xeneticamente, teríano tódalas mulleres sen excepción, cousa que non se corresponde coa realidade;
- de existir realmente o instinto maternal ningunha nai maltrataría ou abandonaría aos fillos;
- que o instinto maternal non existe nos seres humanos posto que só é posíbel nos animais, etc.

Así que logo de facer algunhas reflexións en voz alta e apartándonos e matizando eses convencionalismos, reparamos nos argumentos da autora. Pensamos sobre a presión social, sobre do “deber ser” que, aínda sen

estar escrito en ningures tanto condiciona a nosa forma de ser. É por iso tamén que as mulleres que sinxelamente non queren ter fillos/as son vistas como raras ou egoístas e teñen que sobrelevar unha carga de culpabilidade moral perante a sociedade só por defender o seu dereito a elixir. Pero non a todas as mulleres lles soa o reloxo biolóxico como é común escoitar!!!

Para rematar, destaco unha das temáticas que nos chamaron máis a atención, xa que, a dicir verdade, non tiñamos reparado o suficiente: o sexismo na linguaxe; de cómo nos aprenden a falar, de como está construído o noso idioma (tanto galego coma castelán). Comezamos lendo dous artigos, un do escritor Pérez-Reverte “Al final, género”, e outro do tamén escritor Javier Marías “Todas las farsantas son iguales”. Ambos textos tiñan como denominador común, ademais de estar publicados en “patente de corso” do semanal de La Voz de Galicia, a queixa e a desaprobación do uso dunha linguaxe non sexista. Estas queixas a berros que puxeron por escrito nun xornal con importante tirada viñan a dicir que era una estupidez e un retraso visibilizar e nomear ó sexo feminino, e remito literalmente: “tales piruetas lingüísticas son innecesarias y no se pueden usar de forma indiscriminada”. Iso é o que dicían da esixencia de asegurar que a linguaxe que usamos non discrimine por razón de sexo, e para defender o uso da linguaxe aínda sexista baseaban as súas

razóns en que sería moi engorroso dicir alumnos e alumnas ou nais e pais cando hai máis presenza de mulleres que de homes. Eses eran todos os seus argumentos! Traducimos a proposta do texto de Javier Marías, que si era realmente cacofónica, ó usar constantemente –o/-a e reescribimos o mesmo texto usando unha linguaxe non sexista e perfectamente lexible. Era posible utilizar correctamente a linguaxe e ademais evitar o sexismo das súas liñas.


Chocounos moito que persoas de tal prestixio intelectual e recoñecemento social, como son estes dous escritores, amosaran este mesmo desprezo ó feminismo en xeral e ó uso dunha linguaxe non sexista en particular.

Son estas tres mostras dalgunhas das prácticas realizadas para introducir os núcleos temáticos, isto é, antes de traballar as lecturas. Servíannos para empezar, servíronnos de exemplo de que aínda que “parece” que a nosa sociedade deixou o machismo atrás, porque

se ten avanzado moito, este segue presente en cada ámbito da nosa vida, e é necesario non negalo como paso para transformalo.

En conclusión penso que a materia de Xénero, igualdade e educación, contribuíu á nosa formación, non só coma experiencia curricular propiamente dita, que é innegable, senón tamén a nivel máis persoal, pois chego a cambiar parte do noso sentido común, e polo tanto incluso repercutiu nas relacións interpersoais e influíu para ter esa actitude de escudriñar cada rasquizo e espazo de convivencia cuestionándonos sobre da igualdade verdadeira á que aspiramos moitos homes e mulleres que non queremos que quede simplemente na utopía dunha sociedade perfecta senón nunha realidade construída entre todas e todos, e sobre todo deixando atrás todos eses estereotipos e sexismos que nos impiden ser todo o libre que queremos.





Que te suxire a imaxe? Comparte a túa valoración no Foro do Ceesg



Ceesg  
informa

O CEESG INFORMA.

# Actuacións en Igualdade por parte do CEESG

O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia asume e promove a igualdade como un dos principios fundamentais que orientan a súa actuación, tanto no desenvolvemento profesional da Educación Social, como na procura dunha sociedade máis xusta e equitativa.

A sensibilidade pola igualdade entre homes e mulleres acompañanos dende o momento de creación do Ceesg, como unha seña de identidade do propio sector profesional da Educación Social, se ben esta concienciación non estivo reflectida en accións concretas ata hai relativamente poucos anos. O primeiro e máis destacado fito nesta liña foi o cambio de nome do Colexio Profesional, facendo visibles á maioría das persoas que formamos parte del: as educadoras sociais.

Entre as iniciativas desenvolvidas polo Ceesg entre os anos 2005 e 2010, na defensa dos dereitos das persoas e do traballo digno das mulleres, destacan: o apoio ás iniciativas desenvolvidas por outras entidades; as publicacións nos nosos soportes de comunicación; as reunións con responsables políticos e políticas de distintos niveis, para trasladar a nosa visión profesional sobre diferentes medidas, programas e recursos existentes no ámbito da igualdade, e sobre melloras necesarias e propostas a poñer en marcha; as actuacións formativas propias e en colaboración con outras entidades.

Enumeramos a continuación algunha das accións desenvolvidas.



## Apoio a iniciativas doutras entidades

Asistencia o día 25 de novembro de 2006 e 24 de novembro de 2007 aos actos de entrega do premio “Eu tamén navegar. Para unha Galicia sen violencia de xénero”, organizado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en Santiago de Compostela.

Asistencia o día 8 de marzo de 2007 ao Acto de Conmemoración do Día Internacional das Mulleres, que tivo lugar en Santiago de Compostela, organizado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Asistencia o día 3 de marzo de 2007 ao acto “Mulleres con memoria. Homenaxe ás mulleres represaliadas polo franquismo”, que tivo lugar en Santiago de Compostela, organizado pola Concellería de Cultura e Deportes do Concello de Santiago e pola Secretaría Xeral de Igualdade.

Asistencia á presentación da web [www.igualdadegaliza.org](http://www.igualdadegaliza.org), organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade e que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 20 de xuño de 2007. Este portal web foi a ferramenta fundamental de apoio ao proceso participativo onde se fixeron as achegas ao IV Plan de Apoio ás Familias.

Asistencia, o día 13 de marzo de 2008, á Mesa redonda Encuentro “Mujeres emprendedoras gallegas y TIC en igualdad, organizado por AGESTIC (Asociación Gallega de Empresas TIC).

Asistencia á inauguración da exposición Mestras: unha biografía repleta de soles, que tivo lugar o 11 de abril de 2008 no Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), en Santiago.

Asistencia ás I Xornadas de Violencia de Xénero e Servizos Sociais: Unha visión Integral organizadas polo Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e celebradas en Santiago (2008).

Apoio á campaña Eu decido! en defensa do dereito ao aborto na sanidade pública, organizada pola Marcha Mundial das Mulleres (2009).

Asistencia á presentación do libro “Mulleres na educación en Galicia”, coordinado pola Profesora Doutora da Universidade de Santiago M<sup>a</sup> José Méndez Lois, que tivo lugar o día 28

de xullo de 2009 no Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA).

Asistencia ao curso de verán “Novas fronteiras na igualdade de oportunidades: estado de benestar e xénero (participación social – corresponsabilidade – dependencia – xestión dos tempos)”, que tivo lugar do 7 ao 10 de xullo de 2009, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela.

Asistencia á Xornada contra a Explotación Sexual e a Trata. Secretaría Xeral de Igualdade, que tivo lugar o 23 setembro de 2009 en Santiago de Compostela, organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade.

## Publicacións

Publicación do artigo “Educación social e violencia doméstica” no Boletín do Cesg nº 19 (2005).

Publicación do artigo “Día internacional da muller” no Boletín do Cesg nº 14 (2008).

Comunicado “A violación, fóra do código penal?” publicado no Boletín do Cesg nº28 (2009), en referencia a un artigo da revista “Alfa y Omega”.

Entrevista cun xornalista da Axencia Galega de Noticias para elaborar unha reportaxe sobre violencia de xénero entre adolescentes (2010).

## Reunións institucionais

Asistencia institucional no ano 2005 a un encontro organizado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en Santiago de Compostela, no que se manifestou a inxerencia do novo goberno pola situación das mulleres galegas e polas entidades que traballan na promoción da muller nos distintos ámbitos.

Audiencia coa Secretaria Xeral de Igualdade, Sra. Dona M<sup>a</sup> do Carme Adán Villamarín co obxecto de ter unha primeira toma de contacto e manifestar as preocupacións do colectivo en relación a distintas problemáticas presentes en centros vinculados á súa Secretaría.

Reunión con Laura Rodríguez Manso, Xefa da Unidade de Coordinación contra a violencia sobre a muller da Delegación do Goberno en Galicia, a petición dela, para coñecer de primeira man o traballo que levamos a cabo as e os profesionais da Educación Social en rela-

ción coa prevención da violencia de xénero en distintos ámbitos, e cara o establecemento de actuacións conxuntas que axuden na loita por erradicar a lacra social da violencia de xénero (2010).

## Colaboración con outras entidades

Colaboración co Servizo Galego de Igualdade para a posta en marcha de obradoiros sobre resolución de conflitos dirixidos a alumnado de secundaria, que tiñan como obxectivo transversal a prevención da violencia de xénero. O Colexio participou na selección de profesionais da Educación Social para o desenvolvemento do obradoiro, realizándose a difusión a través da bolsa de emprego de [www.colexioeducadores.com](http://www.colexioeducadores.com) e do servizo de avisos on-line.

Froito desta colaboración leváronse a cabo 35 obradoiros en diferentes puntos de toda Galicia, prolongándose a súa implantación durante o ano 2008 e o primeiro semestre do 2009.

A través dunha metodoloxía esencialmente dinámica e participativa, os obradoiros trataban de conxugar a resolución pacífica dos conflitos, un tema de preocupación actual para a comunidade educativa, coa superación de estereotipos de xénero. A finalidade última é a prevención de todo tipo de violencia e moi especial-

mente da violencia de xénero.

Os concellos e os centros educativos que se beneficiaron deste proxecto mostraron unha gran aceptación demandando máis iniciativas deste tipo, ampliando a outras etapas educativas, e a toda a comunidade educativa (nais e pais, profesorado...). Así, desta experiencia, xurdiron novas propostas de actividades que se remitiron ao Servizo Galego de Igualdade.

Participación o día 14 de maio de 2009 na mesa redonda Colexios Profesionais e Igualdade de Xénero, que tivo lugar no marco do Simposio interdisciplinario Muller, participación e igualdade: universidades, política local e movemento asociativo, que tivo lugar en A Coruña, organizado pola Asociación Luso-galega de Antropoloxía aplicada.

Participación o día 30 de xuño de 2010 no coloquio “Construíndo comunidade contra as violencias machistas”, organizado pola Marcha Mundial das Mulleres na Coruña.

## Accións formativas

Desenvolvemento do Espazo de Encontro: Muller, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 6 de outubro de 2006.

Na presentación deste número expúñanse as pretensións de adicar o mesmo ó tema da igualdade de xénero.

# Créase un Grupo de Traballo sobre Igualdade

Unha destas pretensións é a de contribuír a reciclaxe profesional das persoas colexiadas respecto a incorporación da igualdade de xénero e a perspectiva feminista na nosa acción socioeducativa. Agardamos que este monográfico sexa un entrante que convide a quen se deleite ca súa lectura a busca de máis información e coñecemento do tema que nos ocupa. É por iso que pensamos que esta iniciación non debe ficar aquí, debemos continuar facendo camiño facilitando o debate entre colexiadas e colexiados sobre a igualdade de xénero para así fomentar a formación permanente mellorando a calidade na nosa acción profesional.

A ferramenta que ofrece o noso colexio para a promoción dunha área específica é a creación dun grupo de traballo. “Os Grupos de Traballo do Ceesg son agrupacións voluntarias de persoas colexiadas con inqueданzas comúns sobre un ámbito ou área específica relacionada coa Educación Social, e que traballan para a promoción, desenvolvemento e mellora desta” (Regulamento dos Grupos de Traballo do CEESG).

Queremos aproveitar o presente número para presentar a creación dun grupo de traballo na área da igualdade de xénero por parte dunhas cantas colexiadas interesadas en construír un espazo de discusión sobre o tema ca pretensión de confor-

mar unha vertente de investigación e formación.

Gustaríamos de contar para este proxecto con aquelas persoas colexiadas interesadas no tema. A nosa intención é que unha das primeiras actuacións deste grupo de traballo sexa a de ofrecer unha formación básica en igualdade de xénero para as/os colexiadas/os, á que despois lle poidan seguir accións formativas que profundicen en diferentes aspectos da igualdade de xénero.

Máis información en:  
[fiadeiras@ceesg.org](mailto:fiadeiras@ceesg.org)

# galicia



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
*O Fondo Social Europeo invirte no teu futuro*



XUNTA DE GALICIA